158	19757-333	CLUB DEPORTIVO SEUN GSPORT	G27810761	2	1.086,96 €
159	19657-333	CLUB TAEKWONDO KAE SPORT	G27830975	2	1.086,96 €
160	19648-333	CLUB DE CAMPO DE VIGO	G36613685	2	1.000,00 €
161	19708-333	C.D. TENIS DE MESA HELIOS BEMBRIVE	G27762483	2	1.086,96 €
162	19682-333	CTM	G27779016	4	2.173,91 €
163	19807-333	ILLAS CIES TENIS DE MESA	G27849090	4	2.173,91 €
164	19843-333	CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G36807881	2	1.000,00 €
165	19821-333	GALICIA MAXICA TRAIL ADVENTURE	G27782168	1	543,48 €
166	19782-333	CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G27730597	14	7.608,70 €
167	19731-333	TRINORTH	G27796721	3	1.630,43 €
168	19766-333	A.D. MONTECASTELO	G36747574	9	4.891,30 €
169	19698-333	A.D.CASTRO SAN MIGUEL	G36657856	5	2.717,39 €
170	19693-333	AGRUPACION DEPORTIVA VIGO	G36651123	11	5.978,26 €
171	19651-333	C.D. COLEGIO MARIANO	G36649408	12	3.000,00 €



Concello de Vigo

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención
172	19815-333	CENTRO VECIÑAL E CULTURAL VALLADARES	G36805158	15	8.152,17 €
173	19813-333	CIRCULO MERCANTIL E INDUST	G36614097	5	2.717,39 €
174	19845-333	CLUB ESCUELA ROSALÍA	G27827856	13	2.900,00 €
175	19779-333	GIMNASIO CLUB SIMÓN	G36886901	3	1.630,43 €
176	19852-333	CLUB MARITIMO DE CANIDO	G36630127	3	1.630,43 €
177	19665-333	LICEO MARITIMO DE BOUZAS	G36613081	2	1.086,96 €
178	19788-333	CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G36990109	14	7.608,70 €
179	19842-333	BLACK VOLEY VIGO	G27747864	2	1.086,96 €
180	19634-333	CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS	G36713493	30	16.304,35 €
181	19740-333	FIT SPORT	G36988947	5	2.000,00 €
182	19694-333	CLUB XADREZ DR.CASÁS VILA DE BOUZAS	G36918613	4	700,00 €
183	19801-333	CLUB FLIC FLAC	G36931582	38	20.652,17 €
184	19837-333	CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G36846608	16	8.695,65 €
185	19633-333	MANIOTAS	G36684819	32	17.000,00 €

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2019-2020”.

- Por non cumprir o requisito establecido na base 3ª.2, que establece que, en relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
BALONA LINENSE	G36985984	19823-333

- Por non subsanar a documentación presentada consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común e na base 12ª.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
VETERANAS DE BALONMANO	G27847615	19786-333
CLUB BAILE PASOS BAILEGALICIA	G27750371	19818-333
CLUB BMX CROMOLY	G3627858471	19817-333

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª das bases en relación co artigo 10.2.b da Lei de subvencións de Galicia, ao haber sido declarados en concurso.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
----------	-----	--------

REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	19825-333
---------------------------	-----------	-----------

6(764).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA PISTA ACROBÁTICA - CHAN DE EXECUCIÓN DE EXERCICIOS LIBRES - DE COMPETICIÓN PARA INSTALACIÓN DEPORTIVA DEPENDENTE DO SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 3212/611.

Visto o informe xurídico do 22/09/2020 e o informe de fiscalización 23/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/09/2020, asinado polo adxunto á Xefatura de Deportes, o xefe do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Con data 4 de outubro de 2019, o concelleiro delegado de Deportes, ditou orden de inicio de expediente para a “CONTRATACION DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA PISTA ACROBÁTICA- CHAN DE EXECUCIÓN DE EXERCICIOS LIBRES- DE COMPETICIÓN PARA INSTALACIÓN DEPORTIVA DEPENDENTE DO SERVIZO DE DEPORTES”

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato de data 4 de outubro de 2019 á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente..
- A resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 4 de outubro de 2019.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 5 de novembro de 2019, correxido con data 17 de setembro do 2020.
- Memoria xustificativa, de data 23 de xullo de 2020, asinada polo ADXS director técnico do Servizo de Deportes e polo concelleiro-delegado de Deportes, relativa aos seguintes extremos, correxida con data de 18 de setembro do 2020.
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).



Concello de Vigo

- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adjudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67.5.f e 67.7.e RLCAP)

5. Memoria económica do contrato, de data 27 de xullo de 2020, asinada polo ADXS director técnico do Servizo de Deportes e polo concelleiro-delegado de Deportes.

6. Informe asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación sobre comprobación dos documentos esixidos pola normativa para a tramitación do contrato do 25 de agosto de 2020.

7. Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación de data 18 de setembro de 2020.

II.- CONDICIÓNES DEFINITORIAS DO CONTRATO.

1º.- OBXECTO:

Subministro e instalación dunha pista acrobática-chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do servizo de deportes segundo as normas da federación internacional de ximnasia (FIG).

1.1.-Necesidades a satisfacer

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

En relación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da lei 9/2017, de 8 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, no sucesivo LCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato. Ó obxecto definir as condicións técnicas para o desenvolvemento do subministro e instalación dunha pista acrobática-chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do servizo de deportes segundo as normas da federación internacional de ximnasia (FIG).

A contratación do equipamento é fundamental para dar un servizo da calidade e eficiencia dentro dos obxectivos da Concellería de deportes: Mellorar os equipamentos e infraestruturas municipais fomentando o seu uso no tecido socio deportivo.

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato de subministro, previsto no artigo 16, da LCSP, Lei 9/2017, de 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

1.2.-Lotes

Con relación ao obxecto do contrato ao ser un único subministro, non procede a súa división en lotes en cumprimento ao establecido no artigo 99.3.b) da LCSP. A súa natureza e obxecto non permite subdivisión en partes.

2º.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado art. 159 da LCSP, e por tramitación ordinaria con cargo o orzamento do ano 2020, polo que non precisa de mais xustificación.

3º.- Prezo do contrato e xustificación:

a) Prezo do contrato

O prezo do contrato é certo segundo o previsto no artigo 102.4 da LCSP, aboándose ao contratista en función da prestación realmente executada e formulándose en termos de prezo aplicable a tanto alzado a totalidade do ben a subministrar e a súa instalación. No prezo se entenderá incluído o importe a aboar en concepto de IVE, indicándose como partida independente.

O prezo é, así mesmo, axeitado para o efectivo cumprimento do contrato de acordo cos prezos do mercado.

No presente suposto, tal e como xa se indicou, trátase dun contrato de subministro regulado no artigo 16 da LCSP, que ten por obxecto a adquisición dun ben moble. En consecuencia e de conformidade co establecido no artigo 102.4 o prezo do contrato formularase en termos de prezo a tanto alzado, á totalidade tendo en conta que o obxecto deste contrato consiste na adquisición dun único ben a subministrar e a instalación e entregar nun momento único.

O prezo máximo do contrato para a adquisición do subministro e instalación do equipamento fíxase en **59.000,00** euros con IVE, sendo o IVE 10.239,67 euros.

Orzamento sen IVE	48.760,33 €
IVE 21%	10.239,67 €
Orzamento base de licitación con IVE	59.000,00 €

Valor estimado	48.760,33 €
----------------	-------------

Xustificación do prezo.

Dito prezo fíxase tendo en conta os prezos de mercado facilitados pola federación Española de ximnasia (FEG): sendo o desglose 50.000,00 euros custo subministro e 3.000,00 euros custes transporte e 6.000,00 euros custos de man de obra de instalación.



Concello de Vigo

4º.- Revisión de prezos.

O presente contrato non será obxecto de revisión de prezos.

5º.- Financiamento do contrato e xustificación de que cumpre os principios de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 7 de abril

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo incluídos na aplicación orzamentaria 3420.6290000 "Equipamento deportivo das instalacións", e o proxecto "Equipamento pista acrobática exercicios libres" nº 203420.13. O contrato entrará en vigor a partir da firma do contrato.

O gasto proposto, establécese de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2020 dentro do programa orzamentario "3420" do Concello de Vigo. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución da prestación dun servizo delimitado e de carácter finalista para o Concello.

6º.- Prazo de contrato e prórroga

O prazo de contratación será a contar dende a data de formalización do contrato, sendo o tempo máximo estimado de entrega do equipamento de 7 semanas. Podería ampliarse este prazo en caso circunstancias excepcionais debidamente acreditada e apreciadas/valoradas polo responsable do contrato, tales como avarías durante o proceso produtivo, inclemencias meteorolóxicas no caso do transporte ou semellantes.

Non ten prórrogas.

Xustificación do prazo

Tendo en conta o ben a subministrar polo adxudicatario, fíxase o prazo de execución máis axeitado, suficiente para conquistar unha entrega do ben eficaz, sen que se dilate máis alá do estritamente necesario e nin que sexa tan curto que orixine problemas na entrega do ben.

7º.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato,

referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos anos sexa, cando menos, igual o superior ao valor estimado do contrato.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase a través do seguinte medio:

–Unha relación dos principais servizos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos por importe igual ou superior ao do prezo do contrato.

Para determinar se un subministro é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

As empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos) acreditarán a súa solvencia mediante unha declaración na que indiquen o equipo técnico do que disporá para a execución das prestacións. A documentación acreditativa destes extremos achegarase polo primeiro clasificado con carácter previo á adxudicación do contrato.

Xustificación solvencia:

Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose que a presentación de dita solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

8º.- Criterios de valoración e xustificación:

Os criterios conformes os cales se valorarán as ofertas serán os seguintes:

a) Criterios avaliados 100 puntos:

Criterios 1, 2 e 3: valoraranse con ata 80 puntos.

Criterios 4 e 5: valoraranse con ata 20 puntos. Outorgarase a máxima puntuación pola posesión de cada un deles.



Concello de Vigo

- 1.- Prezo. Redución do prezo do contrato.** Valorarase ata un máximo de 65 puntos. Para a valoración terase en conta o importe total ofertado.
- 2.- Incremento do período de garantía:** Valorarase ata un máximo de 10 puntos. Os incrementos sobre o mínimo recollido non PPT e nesta memoria.
- 3.- Redución do tempo de resposta fixado no PPT (72horas) para o servizo de atención postventa durante o período de garantía:** valorarase con ata un máximo de 5 puntos.
- 4.- Acreditación do certificado Forest Stewardship Council (FSC) dos fabricantes:** Valorarase con 10 puntos a súa presentación.
- 5.- Acreditación do certificado OEKO-TEX Standar 100 o Made in green OEKO-TEX dos fabricantes:** Valorarase con 10 puntos a súa presentación.

A presentación destes documentos realizarase coa oferta económica.

Os criterios 1 e 2 avaliaranse segundo as seguintes fórmulas.

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

- Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

 - Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
 - Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
 - Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
 - Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

- Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * P_{mx} * V_{of}}{V_{rb}}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

- Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración, aumento prazo de garantía, con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

1. Cálculo do valor referencia dos incrementos (Vri):

O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

2. Para valorar incrementos inferiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vri}$$

Onde:



Concello de Vigo

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

3. Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

Xustificación dos criterios:

Prezo: ao referirse a un subministro dun equipamento cujas características veñen recollidas no PPT o prezo convértese nun valor principal de valoración sendo o 65% da puntuación.

Outros criterios relevantes respecto do subministro:

Estes influen na entrega do ben e nas coberturas do mesmo: período de garantía, procesos de fabricación, materiais empregados para a súa elaboración, e acreditacións ou certificacións que garanten os procesos e os materiais utilizados garantindo a sustentabilidade e respecto do medio ambiente.

A xustificación das fórmulas:

Estas fórmulas resultan axeitadas para a valoración dos criterios de adxudicación por canto resultan proporcionais outorgando a maior puntuación á oferta que resulta máis vantaxosa en relación ao prezo e aos períodos de garantía e as mesmas veñen sendo utilizadas por esta administración con continuidade e co visto e prace da intervención municipal.

Así mesmo asignase puntuación directa a criterios de calidade segundo cumbran cos mesmos. Estes criterios de puntuación directa valoran o compromiso das empresas co medio ambiente e a sustentabilidade.

9º.- Ofertas con valores anormais (artigo 149)

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a

que conteña o valor máis baixo.

- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

10º.- Condicións especiais de execución

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal “será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte”, establécense neste contrato a seguinte condición especial de execución de tipo social ou relativas ao emprego:

“A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que garantir a seguridade e da protección da saúde no lugar de traballo e o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables, así como medidas para previr a siniestralidade laboral”

Esta condición especial de execución ven recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Esta “contratación estratéxica”, plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuíndo a mellorar o cumprimento das leis sociais e laborais, a estimular mercados con conciencia social, demostrar habilidades de gobernanza sensibles aos aspectos sociais, fomenta a integración de grupos significativos na sociedade, como son as persoas con discapacidade, en actividades claves do mercado, e garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes con maior afectación real ás persoas ou colectivos máis desfavorecidos.

11º.- información esixida polo artigo 130 LCSP

Non procede nesta contratación

12º.- Prazo de garantía

Mínimo tres anos.

13º.- Subcontratación

Se admiten conforme ao previsto no artigo 215 LCSP, non se recollen tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

14º.- Modificacións do contrato



Concello de Vigo

Non se prevé.

15°.- Responsable do contrato

De conformidade co artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, para o exercicio das funcións que nel se determina, a designación como responsable do contrato recaer no Adxunto Xefe Servizo Deportes- Director Técnico servizo de deportes.

16°.- Referencia ao réxime de pagamento

O importe do prezo satisfaráselle ao adxudicatario unha vez entregado o obxecto do contrato e verificado o mesmo polos servizos técnicos do servizo de deportes. As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- A) UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES
- B) OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN
- B) ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

17°.- Seguro

Esixe unha póliza de RC de importe superior aos 450.000,00 euros.

18°.- Lugar de entrega

Instalación deportiva a designar polo responsable do contrato.

19°.- Data prevista para o inicio do contrato

1 de outubro de 2020

20°.- Etiquetas

Non se prevén.

21°.- Informes de probas

Non se prevén.

22°.- Outros aspectos a ter en conta na redacción do prego de cláusulas administrativas particulares

A documentación técnica dos manuais do produto a subministrar e instalación deberá realizarse coa presentación da oferta, no mesmo sobre.

23º.- Condicións especiais de compatibilidade

Non se contemplan.

24º.- Penalidades

Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en mora no cumprimento do prazo de 72 hrs. ou o prazo que indique o licitador na súa oferta do servizo de atención postventa recollido na cláusula VIII do PPT, imporáselle unha penalidade do 5% do prezo do contrato sen IVE, por considerarse un incumprimento grave.

Esta penalidade farase efectiva mediante dedución da garantía definitiva.

25º.- Cesión de datos ao adxudicatario e cesión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial

Este contrato non require a cesión de datos ao adxudicatario nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

III.- PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto simplificado da “**CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA PISTA ACROBÁTICA-CHAN DE EXECUCIÓN DE EXERCICIOS LIBRES- DE COMPETICIÓN PARA INSTALACIÓN DEPORTIVA DEPENDENTE DO SERVIZO DE DEPORTES.**”

Segundo: aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 17 de setembro do 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 18 de setembro de 2020 asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación, para a **CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA PISTA ACROBÁTICA-CHAN DE EXECUCIÓN DE EXERCICIOS LIBRES- DE COMPETICIÓN PARA INSTALACIÓN DEPORTIVA DEPENDENTE DO SERVIZO DE DEPORTES.**

Terceiro: autorizar o gasto polo **importe base máximo de licitación de 59.000,00 €**, e sendo o valor estimado do contrato de **48.760,33 €**. Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluídos na aplicación orzamentaria 3420.629.000 “*Equipamento deportivo das instalacións*” do orzamento 2020.

Cuarto: abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

7(765).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E AS ENTIDADES QUE ESTABLECERON UN MARCO DE COLABORACIÓN MUTUA NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS “ACHÉGATE AO DEPORTE 2019-2023”. EXPTE. 2837/611.

Visto o informe xurídico do 25/09/2020 e o informe de fiscalización 28/09/2020, dáse conta do informe-proposta de data 25/09/2020, asinado polo adxunto á Xefatura de Deportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 30 de agosto de 2019 prestou a probación ao programa municipal de escolas deportivas “achégate ao deporte 2019-2023” as bases de selección de proxectos, e o Convenio marco de colaboración (expediente número 2837/611)

Ao abeiro de dito programa foron seleccionadas 57 entidades (expte 2837/611) procedendo en data 31.09. 2019 a formalización dos convenios coas seguintes entidades

Entidade deportiva que asinou o Convenio	CIF
R.C. CELTA ATLETISMO	G-36945319
COMESAÑA SPORTING CLUB	G-36645257
AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO	G-36645109
BADMINTÓN CIES	G-36827418
CLUBE AL COMPAS	G-27711597
CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G-36942142
CLUBE DEPORTIVO BOSCO	G-36692317
CLUB AMFIV	G-36711380
CLUB BALONMANO SEIS DO NADAL	G-36948115
CLUB RECONQUISTA	G-27871375
UNIIÓN BALONMANO LAVADORES	G-36810075
CARBALLAL	G-36686376
GALICIA SOCIAL	G-36622934
CLUB CICLISTA VIGUES	G-36650885
CLUBE MONTAÑEIROS CELTAS	G-36637890
CLUB ESGRIMA EL OLIVO	G-36869873
CLUB POLIDEPORTIVO ALERTA	G-36649283
INDEPENDIENTE C.F	G-36710416
U.D . SANTA MARIÑA	G-36628774

Entidade deportiva que asinou o Convenio	CIF
BALAIOS C.F.	G-36737724
CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G-36763084
ARENAS DE ALCABRE	G-36823912
VIGO 2015	G36982239
C.F. GAÉLICO KELTOI	G27808575
MOSTEIRO	V-36886422
PECHECHES	G27778521
PASOS DE BAILE	G27750371
HOCKEY CLUB TRAVIESAS	G-36680239
ATLÁNTICO HOCKEY CLUBE	G-36684850
CLUBE VIEJA ESCUELA ROLLER BLUE RINGED	G-36571123
FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO	G-15109267
KARATE CLUB TRAVIESAS	G-36847952
KAYAK VIGO	G-36978559
CLUB DE LOITA SAN IGNACIO	G-36708303
CLUB LOITA CIUDAD DE VIGO	G-36955565
CLUB CARPA	G-36645091
CLUB CASTRELOS PAT. ARTISTICA	G-36811974
CLUBE VAGALUME	G-36982304
CLUB PATINAXE ARTISTICA CORUXO	G-27865831
PATINAXE BALAIÓS	G27846864
CLUBE FREESTYLE	G27722305
PIRAGÜISMO OLIVICO	G-27822006
REMO VIGO	G27852896
VIGO RUGBY	G-36680924
CIES SQUASH	G-27869437
CLUB NAT. SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO	G-27763812
A.D. BUDO CASTRELOS	G-36680106
FEDERACION GALLEGA DE TENIS	G-15102767
ILLAS CIES TENIS DE MESA	G-27849090
CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G-36807881
CLUB TRIATLÓN MAR DE VIGO	G-27730597
CLUB VIGO VOLEIBOL	G-36658219



Concello de Vigo

Entidade deportiva que asinou o Convenio	CIF
CLUB VOLEIBOL XUVENIL TEIS	G-36713493
AS. ESCOLA PROVINCIAL DE XADREZ	G-36918464
CLUB FLIC-FLAC	G-36931582
CLUB SIEIRO	G-36846608
CLUB MANIOTAS	G-36684819

Tal e como se establece en cada convenio asinado na cláusula décimo novena poderá prorrogarse ano a ano durante un máximo de 3 prórrogas, por acordo expreso da Xunta de Goberno Local, se ambas partes manteñen a colaboración no Programa Municipal de Escolas Deportivas seguindo o establecido no artigo 49.h da lei 40/2015 do 1 de Outubro, de réxime xurídico do sector público.

Estas prórrogas deberán ser autorizadas expresamente polo servizo de deportes e soamente poderán sufrir modificacións organizativas e de actualización de datos das entidades deportivas.

Os convenios forón asinados por cada unha das entidades e a Concellería de Deportes en data do 31 de setembro de 2019, día a partir do cal comezou a súa vixencia.

Consta por rexistro electrónico, escrito das entidades solicitando a colaboración e renovación para o Programa Municipal de Escolas Deportivas no ano 2020-2021.

Fundamentos de dereito

A configuración actual pola que se estrutura o Programa Municipal de escolas deportivas en colaboración, da cumprimento o marco establecido na normativa anteriormente mencionada respecto o fomento do asociacionismo deportivo e a cooperación con entidades públicas ou privadas por parte das entidades locais, polo que permite o cumprimento das competencias municipais en materia deportiva.

Asimesmo, tanto as entidades deportivas como as federacións aportan unha estrutura consolidada que soamente elas teñen definida no marco xurídico deportivo actual, e que posibilita a participación dos alumnos en competicións deportivas de carácter oficial, a continuidade deportiva de forma correlativa nas diferentes categorías base.

A Entidade deportiva ten por obxecto o desenvolvemento e promoción da súa modalidade deportiva, e tendo en conta a finalidade común de ambas partes, orientada a satisfacer o interese público de promover a actividade física e o deporte dende a idade escolar, sendo competencia do Concello de Vigo a planificación e xestión da promoción deportiva e dispoñendo as entidades deportivas do soporte técnico e operativo preciso para garantir o correcto desenvolvemento das escolas deportivas da entidade e a competición, se considera procedente establecer un marco de colaboración entre ambas partes que regule as actuacións comúns precisas para a súa organización

O Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activaba o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Posteriormente por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Tendo en conta a evolución das medidas preventivas, protocolos de seguridade, e actuacións encamiñadas a dar comezo das actividades, o Servizo de deportes dará inicio o Programa 2020-2021.

Por outra banda, o réxime xurídico aplicable ó convenio que os ocupa ao tempo da súa subscripción, constituído art. 48 e ss da lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, artigo 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, art. 86 da lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e concretamente

Así mesmo, o presente convenio queda excluído do Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 9/2017, de 8 de novembro.

Polo exposto, non se observa impedimento legal na prórroga do citado convenio de colaboración que deberá adoptarse antes do inicio do curso 2020-2021 o vindeiro 1 de Outubro de 2020.

É competente para a aprobación da prórroga do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. O órgano competente para a adopción do acordo de prórroga é a xunta de Goberno Local en virtude das facultades atribuídas por Resolución da Alcaldía de data 17.08.2020 e materia de aprobación de convenios de colaboración.

A financiación prevista de esta prórroga realízase con cargo a partida 3420.226.09.01 por importe de 97.912,15 € para os meses de Outubro, Novembro e Decembro de 2020, xa retida no número de operación 202000034478 realizada no expediente 2837-611, e por importe de 163,186,93 € para os meses de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril e Maio de 2021 con cargo a partida 3420.226.09.01.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro: Aprobar a primeira prórroga por un ano, ata o 31 de Maio de 2021, do convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e as entidades que estableceron un marco de colaboración mutua no desenvolvemento do Programa Municipal de Escolas Deportivas "Achégate ao deporte 2019-2023" aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 30 de Agosto de 2019, e asinado por todas as entidades deportivas o 31 de Setembro de 2019.

Segundo.- Aprobar o gasto previsto de esta prórroga realízase con cargo a partida 3420.226.09.01 por importe de 97.912,15 € para os meses de Outubro, Novembro e Decembro de 2020, xa retida no número de operación 202000034478 realizada no expediente 2837-611, e por importe de 163,186,93 € para os meses de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril e Maio de 2021 con cargo a partida 3420.226.09.01.



Concello de Vigo

Terceiro.- Aprobar o texto da adenda de prórroga do Convenio de colaboración (anexo I) para o desenvolvemento do “Programa municipal Achégate ao deporte 2019-2021” que se asinará coas entidades deportivas: R.C. CELTA ATLETISMO (G-36945319), COMESAÑA SPORTING CLUB (G-36645257) AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO (G-36645109), BADMINTÓN CIES (G-36827418), CLUBE AL COMPAS (G-27711597), CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL (G-36942142), CLUBE DEPORTIVO BOSCO (G-36692317), CLUB AMFIV (G-36711380), CLUB BALONMANO SEIS DO NADAL(G-36948115), CLUB RECONQUISTA (G-27871375), UNIÓN BALONMANO LAVADORES (G-36810075), CARBALLAL (G-36686376), GALICIA SOCIAL (G-36622934), CLUB CICLISTA VIGUES (G-36650885), CLUBE MONTAÑEIROS CELTAS (G-36637890), CLUB ESGRIMA EL OLIVO (G-36869873) CLUB POLIDEPORTIVO ALERTA (G-36649283), INDEPENDIENTE C.F (G-36710416), U.D. SANTA MARIÑA (G-36628774), BALAIOS C.F. (G-36737724), CLUB SAN ROQUE CASABLANCA (G-36763084), ARENAS DE ALCABRE (G-36823912), VIGO 2015 (G36982239), C.F. GAÉLICO KELTOI (G27808575), MOSTEIRO (V-36886422), PECHESCHES (G27778521), PASOS DE BAILE (G27750371), HOCKEY CLUB TRAVIESAS(G-36680239), ATLÁNTICO HOCKEY CLUBE (G-36684850), CLUBE VIEJA ESCUELA ROLLER BLUE RINGED (G-36571123), FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO (G-15109267), KARATE CLUB TRAVIESAS (G-36847952) KAYAK VIGO (G-36978559), CLUB DE LOITA SAN IGNACIO (G-36708303), CLUB LOITA CIUDAD DE VIGO (G-36955565), CLUB CARPA (G-36645091), CLUB CASTRELOS PAT. ARTISTICA (G-36811974), CLUBE VAGALUME (G-36982304), CLUB PATINAXE ARTISTICA CORUXO(G-27865831), PATINAXE BALAIÓS (G27846864), CLUBE FREESTYLE (G27722305), PIRAGÜISMO OLIVICO (G-27822006), REMO VIGO (G27852896), VIGO RUGBY (G-36680924), CIES SQUASH (G-27869437), CLUB NAT. SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO (G-27763812), A.D. BUDO CASTRELOS (G-36680106), FEDERACION GALLEGA DE TENIS (G-15102767), ILLAS CIES TENIS DE MESA (G-27849090), CLUB ARQUEROS NITO RUIZ (G-36807881), CLUB TRIATLÓN MAR DE VIGO (G-27730597), CLUB VIGO VOLEIBOL(G-36658219), CLUB VOLEIBOL XUVENIL TEIS (G-36713493), AS. ESCOLA PROVINCIAL DE XADREZ (G-36918464), CLUB FLIC-FLAC (G-36931582), CLUB SIEIRO (G-36846608), CLUB MANIOTAS (G-36684819).

Cuarto.- Facultar ao concelleiro de deportes á formalización do convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

ADENDA DE PRÓRROGA DEL CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O DENTRO DO PROGRAMA MUNICIPAL ACHÉGATE O DEPORTE 2019-2021. (exp 2837-6119)

En Vigo, a 31 de Setembro de 2020.

REUNIDOS

Dunha parte: D. _____, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (por delegación do Alcalde en resolución do ___ de _____ de 2019)

Doutra parte: D. _____ , con DNI: _____ como representante legal da entidade:

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade, respectivamente para formalizar o presente convenio de colaboración en materia deportiva.

EXPOÑEN

PRIMERO.- Que con data 31 de setembro de 2019 asinouse o Convenio de colaboración entre a Concellería de deportes para a inclusión da escola deportiva da entidade dentro do Programa Municipal de Escolas Deportivas.

SEGUNDO.- Que poderá prorrogarse ano a ano durante un máximo de 3 prórrogas, por acordo expreso da Xunta de Goberno Local, se ambas partes manteñen a colaboración no Programa Municipal de Escolas Deportivas seguindo o establecido no artigo 49.h da lei 40/2015 do 1 de Outubro, de réxime xurídico do sector público.

Estas prórrogas deberán ser autorizadas expresamente polo servizo de deportes e soamente poderán sufrir modificacións organizativas e de actualización de datos das entidades deportivas.

CUARTO.- Que ambas partes encóntranse satisfeitas dos resultados acadados por dito convenio, recoñecen mutuamente o bo cumprimento e desexan prorrogar o mesmo.

QUINTO.- Que co fin de dar continuidade a prestación do obxecto de dito Convenio, as partes asinantes de esta Addenda de Prórroga, estiman necesario continuar con dita colaboración polo período de un ano dende a sinatura deste convenio, de conformidade a seguintes

CLÁUSULAS

PRIMERA.- As partes asinantes acordan a prórroga por un ano do Convenio de Colaboración suscrito o 31 de setembro de 2019 entre a Concellería de deportes para a inclusión da escola deportiva da entidade dentro do Programa Municipal de Escolas Deportivas.

Polo tanto, os efectos da presente Adenda de este Convenio de Colaboración estenderáanse desde o día 31 de setembro de 2020 hasta el 31 de setembro de 2021.

SEGUNDA.- As partes intervintes comprométese a continuar desenvolvemento as actuacións previstas nas cláusulas, primeira, segunda, terceira, cuarta, quinta, sexta, sétima, oitava, novena, décima, décimo primeira, décimo segunda, décimo terceira, décimo cuarta, décimo quinta, décimo sexta, décimo sétima, décimo oitava e décimo novena, dirixidas a dar continuidade o obxecto do convenio de colaboración e asinadas o 31 de Setembro de 2019.

TERCEIRA.- As obrigas asumidas entre as partes asinantes entenderáanse vixentes ata a extinción da presente Adenda o 31 de Setembro de 2021.

En proba de conformidade, e para que conste a os efectos oportunos, as partes asinan e rubrican todas as súas follas por duplicado no presente Acordo de Prórroga, no lugar e datas sinaladas no encabezamento.

O Concelleiro Delegado de Deportes

D. José Manuel Fernández Pérez

Pola Entidade Asinante



Concello de Vigo

Dn/Dna.

8(766).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA 1ª LIQUIDACIÓN DE 2020 DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, SOBRE O RÉXIME DE COFINANCIAMENTO PARA AS ESCOLAS INFANTÍS XESTIONADAS A TRAVÉS DO REFERIDO CONSORCIO. EXPTE. 24425/332.

Dáse conta do informe-proposta do 28/09/2020, asinado pola xefa do Servizo de Educación o concelleiro-delegado de Área e polo xefe da Área Xudicial-Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- 1ª liquidación de 2017: En data 5 de outubro de 2017 foi notificada no rexistro Xeral do Concello de Vigo resolución do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de 29.09.2017 de aprobación da 1ª liquidación de 2017, referida ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Doc. 170136820). Con esta resolución achéganse dúas liquidacións:

- Liquidación núm. 395-2017 (39 prazas x750 €/praza) referida a Escola Infantil da rúa Palencia, por importe de 29.250,00 €
- Liquidación núm. 396-2017 (98 prazas x750 €/praza) referida a Escola Infantil de Valadares por importe de 73.500,00 €.

Nesta resolución indicase que esta primeira liquidación de 2017 corresponde á primeira metade do curso escolar 2016/17.

II.-O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar remite estas liquidacións fundamentándoas no réxime de cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. (DOG núm 28, do 9 de febreiro de 2017) :

“Un. O sistema de cofinanciamento dos servizos que se presten nas escolas infantís e nos centros de día xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou entidade que se subroga nos seus dereitos e obrigas establecidos nos instrumentos de colaboración cos concellos e mancomunidades con fundamento nas competencias que sobre esta materia teñen atribuídas pola normativa vixente as entidades locais, rexerese polo disposto nos apartados seguintes deste artigo, coa finalidade de garantir a sustentabilidade financeira dos servizos que se prestan a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en colaboración cos concellos e mancomunidades, e de homoxeneizar as súas condicións en garantía da seguridade xurídica. Todo en consonancia co acordo marco asinado pola Consellería de Política Social coa Federación Galega de Municipios e Provincias.

Dous. As cantidades que corresponda aboar ás entidades locais derivadas do réxime de cofinanciamento previsto neste artigo terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exhibibles, e poderán ser obxecto de compensación coa participación daquelas no Fondo de Cooperación Local, de acordo co disposto na súa regulación.

Cando o obrigado ao pagamento for unha mancomunidade de municipios,(...).

Tres. Para establecer a participación dos concellos e mancomunidades no cofinanciamento das escolas infantís e dos centros de día aplicarase o disposto no anexo I desta lei, cuxas condicións serán aplicables con efectos do 1 de xaneiro de 2017.

Catro. O Consorcio ou ente que o substitúa expedirá semestralmente as liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento correspondentes ás entidades locais, nas que se indique o número de usuarios e as cantidades aplicables de acordo co establecido no anexo I desta lei. As entidades locais deberán aboalas no prazo de tres meses. Nos casos de discrepancia na contía, se non se acada acordo na comisión de seguimento establecida nos convenios formalizados no seu día, o Consorcio ou ente que o substitúa ditará resolución motivada e fixará a contía, sen prexuízo de que a entidade local poida recorrer na vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cinco. O réxime de cofinanciamento previsto nesta disposición e no anexo I será aplicable aos convenios xa subscritos polas entidades locais e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, así mesmo, será aplicable ás entidades locais que non teñan convenio asinado pero respecto das cales o Consorcio asumise ou asuma a xestión dos centros localizados no territorio dos ditos concellos. En ambos os casos será aplicable unha vez que transcorra o prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta norma, salvo que dentro dese prazo as entidades locais remitan o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local no que se opte polo mantemento do réxime xurídico e de cofinanciamento que derive do convenio no seu día formalizado. Neste último caso, o Consorcio procederá á exixencia, polas vías legais procedentes, das cantidades íntegras pendentes de pagamento segundo o réxime que derive do correspondente convenio, sen prexuízo do seu dereito a resolver o convenio por incumprimento.

Seis. As entidades locais que se acollan ao réxime de cofinanciamento establecido no presente artigo para a xestión das escolas infantís e dos centros de día a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa poderán acollerse a unha nova liquidación das cantidades pendentes de pagamento, de acordo cos novos criterios económicos fixados nesta lei, aplicados con carácter retroactivo aos anos anteriores.

Sete. Para os anteriores efectos, o Consorcio ou ente que o substitúa revisará no prazo dun ano desde a aprobación desta lei todas as liquidacións correspondentes aos anos anteriores practicadas e que foron remitidas aos concellos.

Oito. Ás entidades locais que opten por esta fórmula, unha vez aprobadas as novas liquidacións, aplicaráselles unha bonificación equivalente á metade da cantidade resultante. Co pagamento da citada cantidade daranse por cumpridas as obrigas pendentes co Consorcio.

Establecerase un prazo de fraccionamento para o pagamento desas novas liquidacións de cinco anos, a solicitude do concello, que podería ampliarse naqueles supostos excepcionais en que a situación económica do concello o requira por estar inmerso nun plan de axuste. En todo caso, a aqueles concellos que xa aboaron total ou parcialmente as liquidacións de anos anteriores compensaráselles nas liquidacións futuras os saldos que resulten de aplicación de acordo con esas revisións. “

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de novembro de 2017 acordou interpoñer de acordo co disposto no Art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, requirimento de anulación ou revogación con carácter previo á interposición de recurso contencioso-administrativo contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 29.09.2017 pola que se aprobou a “1ª liquidación ano 2017 – Curso escolar 2016-17” Réxime de cofinanciamento para as escolas infantís de Vigo, Rúa Palencia por importe de 29.250,00 € e Valadares por importe de



Concello de Vigo

73.500,00 €, xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 395/2017, e 396/2017] e, que na súa virtude, se dite outra pola que se deixen sen efecto as liquidacións aprobadas e a esixencia de pagamento contida naquela Resolución, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento.

Dito requirimento foi presentado en data 30 de novembro de 2017, sen que ata a data recaera resolución.

IV.- Non obstante a interposición do indicado requirimento, a fin de evitar maiores prexuízos económicos á administración municipal derivados dun eventual incremento das contías polos xuros e recargos que se puidesen devengar, por resolución de 03-01-2018 foi autorizado o gasto e ordenado o pagamento das referidas liquidacións, (1ª liquidación 2017, referida a Escola Infantil da Rúa Palencia e Escola Infantil Valadares, por importes de 29.250,00€ e 73.500,00€ respectivamente).

V.- 2ª liquidación 2017: En data 10 de decembro de 2019 tivo entrada no Concello de Vigo escrito asinado polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro num.190195059) ao que se acompañan dúas liquidacións provisionais referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As liquidacións son as seguintes :

- 2ª Liquidación provisional núm. 756-2017, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (40 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.000,00 €.

- 2ª Liquidación provisional núm. 757-2017, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (97 prazas x 750 €/praza) por importe de 72.750,00 €.

Nestas liquidacións indicase que corresponde á metade da contía anual, curso escolar 2016/17.

VI.- 1ª liquidación 2018: En data 13 de decembro de 2019 tivo entrada no Concello de Vigo escrito asinado polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro num.190198255) ao que se acompañan dúas liquidacións provisionais referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As liquidacións son as seguintes :

- 1ª Liquidación provisional núm. 203-2018, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (99 prazas x 750 €/praza) por importe de 74.250,00 €.

- 1ª Liquidación provisional núm. 202-2018, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (36 prazas x 750 €/praza) por importe de 27.000,00 €.

Nestas liquidacións indicase que corresponde á metade da contía anual, curso escolar 2017/18.

VII.- Respecto destas catro liquidacións (2ª liquidacións 2017: núm. 756-2017 e núm. 757-2017) e (1ª liquidacións 2018: núm. 203-2018 e núm. 202-2018) por resolucións de 27-12-2019 foi autorizado o gasto e ordenado o pagamento das mesmas polos importes sinalados nos antecedentes V e VI.

Nestas resolucións, ao igual que o indicado sobre o pagamento da 1ª liquidación 2017, de novo ponse de manifesto o desacordo municipal con este réxime de cofinanciación, e a indicación de que o pagamento destas liquidacións non presupón a conformidade coas mesmas.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 06 de febreiro de 2020, acordou interpoñer recurso contencioso-administrativo contra as referidas liquidacións, reclamando a devolución das cantidades pagadas.

Os recursos contencioso-administrativos contra estas liquidacións están en tramitación no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª) como Procedemento ordinario nº 95/2020 e Procedemento ordinario nº 96/2020.

VIII.- 2ª liquidación 2018: En data 10 de marzo de 2020 tivo entrada no Concello de Vigo escrito asinado polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro núm.200039687) ao que se acompañan dúas liquidacións referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As liquidacións son as seguintes :

- 2ª Liquidación definitiva núm.559-2018, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

- 2ª Liquidación definitiva núm. 558-2018, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (37 prazas x 750 €/praza) por importe de 27.750,00 €.

Nestas liquidacións indicase que corresponden á metade da contía anual, curso escolar 2017/18.

Estas liquidacións foron pagadas por resolución de 27- 05-2020 do Concelleiro delegado de Educación e Xuventude na que se autoriza o gasto e ordena o pagamento das mesmas, manifestando, novamente, o desacordo municipal con este réxime de cofinanciación.

IX.- 1ª e 2ª liquidacións 2019: O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segue a remitir liquidacións en base ao réxime de cofinanciamento para escolas infantís tendo entrada en data 01-06-2020 notificación de aprobación da 1ª liquidación 2019 (doc. Rexistro núm 200098095) e notificación da 2ª liquidación 2019 (doc. 200098098) achegando as seguintes liquidacións referidas ao ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

- **1ª liquidacións 2019**

- 1ª Liquidación definitiva núm. 376-2019, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (39 prazas x 750 €/praza) por importe de 29.250,00 €.

- 1ª Liquidación definitiva núm.377-2019, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

Estas liquidacións foron pagadas por resolución de 24-07-2020 do Concelleiro delegado de Educación e Xuventude na que se autoriza o gasto e ordena o pagamento das mesmas, manifestando, novamente, o desacordo municipal con este réxime de cofinanciación.

- **2ª liquidacións 2019**

- 2ª Liquidación definitiva núm.774-2019, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (41 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.750,00 €.

- 2ª Liquidación definitiva núm. 775-2019 cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

X.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 9 de xullo de 2020, adoptou o seguinte acordo:



Concello de Vigo

“ Primeiro.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra as liquidacións que se identifican a seguir:

➤ **2ª liquidación 2018:**

- 2ª Liquidación definitiva núm.559-2018, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.
- 2ª Liquidación definitiva núm. 558-2018, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (37 prazas x 750 €/praza) por importe de 27.750,00 €.

➤ **1ª liquidacións 2019**

- 1ª Liquidación definitiva núm. 376-2019, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (39 prazas x 750 €/praza) por importe de 29.250,00 €.
- 1ª Liquidación definitiva núm.377-2019, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

➤ **2ª liquidacións 2019**

- 2ª Liquidación definitiva núm.774-2019, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (41 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.750,00 €.
- 2ª Liquidación definitiva núm. 775-2019 cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

Segundo.- Reclamar a devolución das cantidades abonadas por estas liquidacións.”

Con data 11 de agosto do 2020 presentouse escrito de interposición do recurso contencioso-administrativo contra estas liquidacións, a data de hoxe pendente de admisión polo órgano xudicial.

XI.- 1ª liquidación 2020: En data 29 de xullo de 2020 tivo entrada no Concello de Vigo Resolución de aprobación da 1ª liquidación de 2020 do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro núm 200137704) á que se acompañan dúas liquidacións referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As liquidacións son as seguintes :

- 1ª Liquidación definitiva núm. 134-2020, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (41 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.750,00 €.
- 1ª Liquidación definitiva núm. 135-2020, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (97 prazas x 750 €/praza) por importe de 72.750,00 €.

XII.- Dado que neste exercicio económico 2020 o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar presentou oito liquidacións: dúas correspondentes á **2ª liquidación 2018** (antecedente VIII), catro correspondentes as **1ª e 2ª liquidacións 2019** (antecedente IX) e dúas correspondentes á **1ª liquidación 2020** (antecedente XI), e o pagamento de todas elas nun mesmo exercicio orzamentario pode supoñer un prexuízo para a integridade dos recursos financeiros desta Facenda Local, procede solicitar a suspensión do acto impugnado.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- En primeiro lugar compre ter en conta a o establecido na Disposición adicional novena da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRSAL). *“Convenios sobre exercicio de competencias y servicios municipales.*

1. Los convenios, acuerdos y demás instrumentos de cooperación ya suscritos, en el momento de la entrada en vigor de esta Ley, por el Estado y las Comunidades Autónomas con toda clase de Entidades Locales, que lleven aparejada cualquier tipo de financiación destinada a sufragar el ejercicio por parte de éstas últimas de competencias delegadas o competencias distintas a las enumeradas en los artículos 25 y 27 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, deberán adaptarse a lo previsto en esta Ley a 31 de diciembre de 2014. Transcurrido este plazo sin haberse adaptado quedarán sin efecto.”

Como consecuencia desta disposición o convenio para a xestión da Galaescola da rúa Palencia asinado 16 de xuño de 2008 quedou sen efecto ao non ter sido adaptado no prazo legalmente establecido.

2.- As competencias municipais en materia de educación son as recollidas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réximen Local (LRBRL), conforme a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece como competencia propia:

“n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.”

A Lei 5/1997, de 22 de xulio, de Administración Local de Galicia, regula como competencias propias no apartado 2 do artigo 80:

“ ñ) A participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.”

3.- Tras a modificación do esquema competencial pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a única competencia propia dos municipios en materia educativa é a prevista no citado artigo 25.2 n da Lei 7/1985, do 2 de abril. A supresión do artigo 28 da RLBRL conleva que os municipios non poden exercer actividades complementarias en materia de educación.

4.- Non obstante, os concellos poderán seguir seguindo prestando competencias distintas das propias que xa viñan prestando, si con isto non se pon en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. Para estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón da materia, no que se sinala a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña



Concello de Vigo

atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias. Todo isto de conformidade co establecido no artigo 7.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local: *“Las Entidades Locales solo podrán ejercer competencias distintas de las propias y de las atribuidas por delegación cuando no se ponga en riesgo la sostenibilidad financiera del conjunto de la Hacienda municipal, de acuerdo con los requerimientos de la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera y no se incurra en un supuesto de ejecución simultánea del mismo servicio público con otra Administración Pública. A estos efectos, serán necesarios y vinculantes los informes previos de la Administración competente por razón de materia, en el que se señale la inexistencia de duplicidades, y de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera sobre la sostenibilidad financiera de las nuevas competencias.*

En todo caso, el ejercicio de estas competencias deberá realizarse en los términos previstos en la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas.”

5.- Por outro lado, o artigo 27 da LRBRL contempla unha serie de competencias que poden ser obxecto de delegación, entre elas, a creación, mantemento e xestión das escolas infantís de educación de titularidade pública de primeiro ciclo de educación infantil (art 27.3 e). Delegación que deberá de ir acompañada da correspondente financiación.

6.- A Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, na súa disposición adicional cuarta establece que as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiación autonómica e das facendas locais previsto nela.

7.- Como xa se indicou, a Lei galega 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación dispón no citado artigo 69, apartado cinco, que o réxime de cofinanciación será aplicable aos convenios subscritos polas entidades locais e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, así mesmo, será aplicable as entidades locais que non teñan convenio firmado pero respecto das cales o Consorcio teña asumido ou asuma a xestión dos centros ubicados no territorio de ditos concellos.

Compre sinalar que o Concello de Vigo xa asume o custo da xestión de oito escolas infantís. No seguinte cadro se indican os custos dos contratos de xestión das escolas municipais:

Escola	Importe anual
EIM Atalaia-Teis	175.989,00
EIM Sta. Cristina-Lavadores	186.900,00
EIM Costeira-Saiáns	186.900,00
EIM Sta. Marta-Casco Vello	186.900,00
EIM Tomás Alonso	249.405,59
EIM Bouzas	246.405,59

EIM Mestres Goldar-Castrelos	178.607,00
EIM Navia	166.260,00

Das escolas relacionada as escolas EIM Mestres Goldar-Castrelos e EIM Navia foron creadas despois das modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sustentabilidade da Administración Local, polo que se solicitou á Xunta de Galicia autorización para o inicio das actividades das novas escolas infantís, remitindo o Concello informe da Intervención municipal sobre a sustentabilidade financeira da nova actividade.

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia dictou sendas resolucións, ambas do 4 de marzo de 2016, polas que se concede autorización para a creación e para o inicio de actividades das indicadas escolas infantís.

A prestación polo Concello de Vigo do servizo de escolas infantís (0-3 anos) mediante as oito escolas que conforman a Rede Municipal de Escolas Infantís, supón un importante esforzo económico polo que, atendendo ao réxime de competencias legalmente establecido e aos principios de equilibrio orzamentario e sustentabilidade financeira, non parece que a administración autonómica poida esixir, a maiores, o financiamento de servizos competencia da propia administración autonómica .

8.- Así as cousas e tendo en conta a anterior fundamentación xurídica, o réxime de cofinanciamento establecido polo artigo 69 da Lei Galega 2/2017 é contrario á Constitución e contravén a Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación das Comunidades Autónomas (LOFCA) que non prevé coma fonte de financiamento das CC.AA a detracción de ingresos das entidades locais. A actuación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar estimase contraria aos principios de estabilidade orzamentaria, principio de sustentabilidade financeira, principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e a regra de gasto, todos eles recollidos nos artigos 3, 4, 7 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

9.- Tendo en conta a interposición do requirimento de anulación ou revogación con carácter previo a interposición de recurso contencioso-administrativo, e vista a fundamentación recollida no mesmo, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar non debería continuar remitindo estas liquidacións en tanto non resolva sobre a anulación ou revogación das primeiras liquidacións, dado que de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todo los procedementos.

É competente para acordar a interposición deste recurso a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no artigo 127.1.j) da LRBRL (L.7/1985) e no apartado primeiro punto 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18-06-2019 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que corresponde a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

En base ao exposto, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución de 29 de xullo de 2020 do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se aproban as seguintes liquidacións correspondente coa metade da contía anual do ano 2020 (doc. Rexistro núm 200137704):

- 1ª Liquidación definitiva núm. 134-2020, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (41 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.750,00 €.
- 1ª Liquidación definitiva núm. 135-2020, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (97 prazas x 750 €/praza) por importe de 72.750,00 €.

Segundo.- Solicitar a suspensión do acto impugnado en canto pode supoñer un prexuízo para a integridade dos recursos financeiros desta Facenda Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(767).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS. EXPTE. 17297/77.

Visto o informe xurídico do 23/09/2020 e informe de fiscalización do 24/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 01/09/09, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 26 de novembro de 2020, o Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, resolveu iniciar o expediente de contratación do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá en data 26/05/2020.
- b) Documento contable de retención de crédito de 22/07/2020 (RC núm. operación: 202000047158)
- c) Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 23/07/2020.
- d) Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 23 de xullo de 2020, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
- e) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 24 de xullo de 2020, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- f) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá en data 03/08/2020.
- g) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 4 de agosto de 2020, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- h) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinados pola técnica de xestión (segundo Instrución de data 7/08/2020), e polo Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá en data 11/08/2020
- i) Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de xestión, de data 12/08/2020.
- j) Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 12 de agosto de 2020, asinado pola técnica de xestión.
- k) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 12 de agosto de 2020, asinada pola técnica de xestión (segundo Instrución de data 7/08/2020) e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- l) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación, de data 25/08/2020 .
- m) Pregos de cláusulas administrativas particulares de data 25 de agosto de 2020, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, nos concelleiros de Área. O Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en resolución de 26 de maio de 2020 autorizou o inicio deste expediente de contratación.



Concello de Vigo

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de xestión do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (17297-77) por procedemento aberto simplificado abreviado do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 12 de agosto de 2020, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 25 de agosto de 2020, que rexerán a contratación do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS

3º.- Aprobar o gasto de 21.199,55 € para a contratación do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2277990 "PRESTACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS (P. EMPREGO)", do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2020.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(768).- PROPOSTA DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIAS DE OUTONO, SAMAÍN E NADAL 2020-2021. EXPTE. 8609/335.

Visto o informe xurídico do 29/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 28/09/2020, asinado polo xestor técnico dos expedientes de Festas e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)
- Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, modificada pola Resolución de 25 de xuño de 2020.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985 determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o parágrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias.

É por isto que dentro da planificación das políticas públicas, como clave da xestión pública e coa fin de dotar maior transparencia e publicidade, propónse a elaboración dun Programa do Servizo de Festas, de actividades para o terceiro trimestre de 2020, como documento que recolla de forma sistematizada todos aqueles actos que o conforman e que, unha vez publicitado, permita aos interesados ter una visión global do mesmos.

ANTECEDENTES DE FEITO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2020, aprobou o “**Plan de dinamización e desenvolvemento do servizo de Festas: Liñas estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023**” (expediente 8385/335), que recolle os cinco obxectivos do Servizo de Festas e traza as liñas estratéxicas básicas e que son os/as seguintes:

Primeiro.- OBXECTIVOS:

Obxectivo 1.- *Garantir unha oferta sociocultural completa e de calidade para a cidadanía que converta a Vigo nun centro de referencia de ocio e traslade ao exterior unha imaxe de cidade*



Concello de Vigo

moderna, dinámica e participativa, así como un lugar de referencia de celebración de grandes eventos.

Obxectivo 2.- *Conseguir a través da programación de actividades socioculturais una acción transformadora do municipio, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida. Así como o fomento de valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión da nosa identidade cultural e da nosa historia.*

Obxectivo 3.- *Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural, de festas tradicionais e patronais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal coa fin de apoiar e fortalecer o tecido asociativo.*

Obxectivo 4.- *Favorecer o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.*

Obxectivo 5.- *Xestión e mantemento dos espazos vinculados ao servizo.*

Tendo en conta os obxectivos dende o Servizo de Festas se deseñaron as liñas estratéxicas básicas de actuación orientadas a dar resposta ás necesidades e demandas da cidadanía en xeral e acadar os anteditos obxectivos básicos:

A liña estratéxica 1 : Deseño, desenvolvemento, xestión e execución da programación propia anual *está dirixida á cobertura para a consecución dos **obxectivos básicos do servizo de Festas números 1 e 2** a través do desenvolvemento, xestión, execución e seguimento dos diferentes programas e actividades festivas, socioculturais, de lecer e tempo libre que garantan unha oferta sociocultural completa, de calidade e que contribúan á dinamización sociocultural e fomenten a participación dos cidadáns durante o período 2020-2023. Dentro desta liña se atopa a **Programación de actividades socioculturais de outono, Samaín e nadal** que desenvólvese de xeito anual no último trimestre do ano e está destinado á cidadanía xeral con actividades deseñadas para cada unha das modalidades de público obxectivo (infantil, familiar e adulto). Este programa é un dos máis largos da programación anual do Servizo de Festas pola súa duración temporal e destinado a descentralizar as festas e manter durante o ano unhas actividades socioculturais atractivas para a cidadanía.*

Non obstante este ano, dada a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional declarado pola Organización Mundial da Saúde (OMS) e a pesar da finalización do estado de alarma declarado por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, razóns de protección da saúde pública aconsellan a adaptación das actividades que se executen a programación as medidas preventivas adoptadas pola autoridade sanitaria autonómica tras a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada (artigo 5 do Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19)

Neste senso no DOG de data 13.06.2020 publicouse a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada posteriormente, entre outras, por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria

ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020 co fin de buscar un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica e concretamente a cláusula 2.11 establece medidas concretas respecto actuación coros e agrupacións vocais, 2.12 orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, 3.18 actividades recreativas e espectáculos públicos en recintos ao aire libre 3.35 establece medidas concretas respecto festas, verbenas e outros eventos populares.

E por isto que ante a situación actual o Servizo de Festas incrementará a programación na rúa e espazos públicos en distintos puntos do municipio coa finalidade de evitar a afluencia de persoas e garantir o distanciamento social entre o público asistente ás actividades que se programen e tamén atendendo a un principio de descentralización emítese a seguinte

PROPOSTA DE PROGRAMACIÓN:

1.- PROGRAMA OUTONO - SAMAÍN

Obxectivo: O desenvolvemento, xestión, execución e seguimento dos diferentes programas e actividades festivas, socioculturais, lecer e tempo libre que garantan unha oferta sociocultural completa, de calidade, e contribúan á dinamización sociocultural

Este ano o programa implicarase no aumento das actividades na rúa e en espazos públicos en distintos puntos da cidade ou equipamentos municipais.

A organización e desenvolvemento de actividades nestes lugares conlevará o cumprimento dun protocolo de actuacións, conforme ás medidas indicadas pola Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade (e polas súas posteriores modificacións).

Público obxectivo: Poboación en xeral, contendo actividades dirixidas a diferentes sectores de público infantil, xuvenil e familiar.

Tarefas e accións: O desenvolvemento do programa concrétese no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades. En liñas xerais a programación inclúe as seguintes:

ACTIVIDADES DO PROGRAMA OUTONO – SAMAÍN

Este programa desenvólvese anualmente entre outubro e novembro é inclúe o deseño dunha programación coas actividades que se relacionan:

1.1 - Actividades infantís .-

O servizo programa para os máis pequenos diversos espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade coa fin de achegar alternativas de ocio e lecer. Estes eventos poden ter formato de concertos musicais, contacontos, eventos circenses, música tradicional, teatro, maxia, recital, etc.

1.2.- Outono Musical: concertos e espectáculos de pequeno formato.-

Dentro do programa do Outono e Samaín organizaranse eventos de pequeno formato en distintos puntos da cidade estando previsto concertos/espectáculos de público xeral e adultos co obxecto de contribuir a difusión e a promoción da música. O espazo escénico onde se desenvolverán as actuacións será en diversos puntos do termo municipal nas



Concello de Vigo

condicións que determinen os protocolos COVID que a dito efecto disporá o servizo de Festas.

2.- PROGRAMA NADAL 2020-2021

Consiste nunha programación de actividades que teñen lugar no mes de Nadal e na primeira semana de xaneiro. Promove actividades socioculturais vinculadas a celebración do Nadal no termino municipal destinado a poboación en xeral inda que as actividades están orientadas principalmente ao público infantil e familiar.

O desenvolvemento do programa concrétase no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades entre as que destacan:

- Concurso vente cos Reis Magos
- Parque infantil de nadal
- Cabalgata de Reis
- Visita do Carteiro Real por barrios e bibliotecas
- Espectáculos infantís
- Recepción oficial dos Reis Magos
- Actividades de pequeno formato en diversos puntos da cidade

Estas accións levaranse a cabo nas condicións que determine a autoridade sanitaria en cada momento e baixo o cumprimento das medidas de seguridade que determinen os plan de seguridade que ao efecto dispoña o servizo.

Polo exposto, previo informe xurídico, elévase á Xunta de Goberno local como órgano competente en virtude das competencias delegadas por Resolución da Alcaldía de Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 modificada por posterior de data 17.08.20 en materia de aprobación de programas, a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar a “PROPOSTA DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DE OUTONO, SAMAÍN e NADAL

SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no “Portal de Transparencia” conforme o disposto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(769).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2020. EXPTE. 10199/224.

Visto o informe de fiscalización do 28/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 16/09/2020, asinado pola axente de Igualdade, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área, a asesora xurídica do Servizo, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do día 10.08.2020 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2020.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 91.000,00€ (noventa e un mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 2311.4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse nos Boletín Oficial da Provincia os días 17.08.2019 e 19.08.2020, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 20 de agosto e rematou o 2 de setembro de 2020.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 45 entidades na sede electrónica do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Segundo o estipulado na base sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base quinta.

Toda vez que as bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 3.000 € (apartado 2 da Base Oitava), as entidades solicitantes acreditan estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D^a Mar Soto García, axente de Igualdade e D^a Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, que ademais actúa como secretaria. A Comisión constituíuse o día 15 de setembro de 2020 con obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na base sétima da convocatoria. (Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e dúas táboas: unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos proxectos, o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas, e unha táboa co resumo das contías concedidas).

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.



Concello de Vigo

En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do programa:

a) Porque a xuízo da Comisión de Valoración a materia do proxecto non se axusta aos obxectivos da convocatoria (apartado 2.l. da base quinta), e por considerar que o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo (apartado 2.e. da base quinta):

- “Sociedad Cultural Deportiva Atlántida de Matamá”, con CIF: G36620854. Proxecto: “Xornadas tecnificación e perfeccionamento no fútbol feminino”. Expediente 10.269-224.

b) Porque o proxecto presentado incumpre o período subvencionable establecido no apartado 1 da base primeira:

- Asociación “Kiara de apoio a familias, menores y mujeres”, con CIF: G27820190. Proxecto “Ás de muller”. Expediente 10.286-224.

2º.- Conceder, con cargo á partida “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos proxectos desenvolvidos no ano 2020 dentro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres”, por un importe total de oitenta e oito mil seis centos doce euros con 60 céntimos (88.612,60 €); constando no anexo I que se incorpora, a relación de entidades, proxectos e contía das axudas concedidas.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍAS CONCEDIDAS

C I F	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntos concedidos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G36810752	Asoc. Mulleres Xestas	Novas tendencias aplicadas a técnica base	16,00	2.500,00 €	2.500,00 €
G36628543	Asoc. Cultural e Deportiva Xestas	Deseños estruturais aplicados aos arranxos florais	16,00	2.500,00 €	2.500,00 €
G36964757	Asociación de Mujeres Viúdas Demócratas Europeas de Vigo	Curso básico do manexo de dispositivos móbiles	20,00	600,00 €	600,00 €
G36861078	Fundación Érguete Integración	A E-administración ao teu alcance	35,00	1.400,00 €	1.400,00 €

G36659894	AVV de San Roque	Manter en forma o estado físico	16,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36380301	Asociación Diagnosticadas de Cancro de Mama	Promoción da saúde nas mulleres diagnosticadas de cancro	22,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36821817	Asoc. Amas de casa e consumo Agarimo	Taller de alimentación saudable	20,00	2.250,00 €	2.250,00 €
G36691855	AVCR San Mamede de Zamáns	Preparando o Nadal	14,00	600,00 €	600,00 €
V36658680	CRC de Cabral	Restauración do moble	18,00	1.990,00 €	1.990,00 €
G15773013	Asoc. CNG da Marcha Mundial das Mulleres	Accións para a promoción da igualdade	31,00	1.510,69 €	1.510,69 €
G28197564	Asc Española contra el cáncer Vigo	Moito que gañar. Programa de modificación de hábitos e recuperación psicofísica	20,00	2.000,00 €	2.000,00 €
G36684991	A VV As Fontes de Lavadores	Vivir en igualdade	33,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36820637	Asociación Gallega Amigos del Rocio de Vigo	Curso de pandereteiras 2019/220	17,00	1.108,53 €	1.108,53 €
G36729796	A VV Feira Cabral	Vivir en igualdade	33,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36648996	Sociedad Cultural Recreativa de Pardavila	Vivir en igualdade	33,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36640985	A VV As Nosas Rúas de Vigo	Adestra e recupera a túa memoria	20,00	2.250,00 €	2.250,00 €
G36648640	AVSC e Deportiva de San Miguel de Oia	Actividades promoción da muller	16,00	3.000,00 €	3.000,00 €

C I F	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntos concedidos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G27826999	Asoc. Empresarias de Galicia	Programa de comunicación e vendas	21,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36649325	A VV de Sárdoma O Carballo	Vivir en igualdade	33,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36633428	SCRD Helios	Técnicas de mellora para a saúde	16,00	1.010,00 €	1.010,00 €
G27727593	Asoc. Acción Solidaria de Galicia	Mulleres con moito que dicir II	22,00	1.000,00 €	1.000,00 €
G27745397	Fundación para la pesca y marisqueo FUNDAMAR	VI Xornadas divulgativas sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro	33,25	1.250,00 €	1.250,00 €
G36998896	Fundación Cluster de Conservación de Productos del Mar	VI Xornadas divulgativas sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro	33,25	1.250,00 €	1.250,00 €
G36928646	Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos	Curso formativo de risa activa. Consciencia emocional	37,00	1.950,00 €	1.950,00 €
G36642726	Asoc. Axuda ao Toxicómano Érguete	Xénero e condutas aditivas. Espazo WEB	20,00	500,00 €	500,00 €



Concello de Vigo

G36949006	Asociación Aulas de Formación Aberta	Canal de Mujeres Seniors	26,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36648988	A V C D San Xurxo de Saiáns	Cerámica Iniciación III	17,00	1.200,00 €	1.200,00 €
G36706927	Confederación Intersindical Galega CIG	Ferramentas para a promoción da igualdade no traballo sindical	32,00	2.895,00 €	2.895,00 €
G36651073	Asociación Veciñal Cultural de Deportiva de Cabral	Aula de canto e percusión tradicional	18,00	452,50 €	452,50 €
G36619468	Asoc. de Mulleres Dorna	Vivir en igualdade	38,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36627453	Asoc. Viguesa de Alcoholoxía ASVIDAL	Constrúe VI	30,00	1.381,00 €	1.381,00 €
V09409749	Acción Laboral	Moldos para escapar	31,00	2.450,00 €	2.450,00 €
G15849318	Fundación CIP	Formación para a incorporación da perspectiva de xénero cualificada	30,00	3.000,00 €	3.000,00 €

C I F	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntos concedidos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G36709004	A Veciñal Doutor Fleming	Avanzamos en igualdade	18,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G27783950	Asociación Diversidades	Obradoiro Donas da Cidade 2020	33,00	1.137,22 €	1.137,22 €
G27718907	Asoc. Nós Mesmas	Orgullo crítico LGTBI*Vigo 2020	44,50	1.497,50 €	1.497,50 €
G36697324	Down Vigo. Asoc. Síndrome de Down	Muller. Educación para a saúde	34,50	3.000,00 €	3.000,00 €
G36632081	A VVde Beade AVCU-CSCR	Ensinanza xeral da creación do arte floral	25,00	1.121,00 €	1.121,00 €
G36791291	Agrupación Centros Deportivos e Culturais de Vigo	Proxecto igualdade e promoción de actividades de xénero sen xénero	18,00	2.327,16 €	2.327,16 €
G36617082	CCAR de Valladares	Ocúpate, consérvate e divírtete. Teñámonos en conta.	25,00	2.922,00 €	2.922,00 €
G01796184	Asociación Mulleres e Palabras	Todas somos lilas. Atopa o teu matiz	25,00	560,00 €	560,00 €
G36627495	CRA e Cultural de Coruxo	Plan Muller en Coruxo 2020	19,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G27739861	Asociación Cultural Traspés	Aulas de recuperación etnográfica a través do canto e a música tradicional	14,00	3.000,00 €	3.000,00 €
TOTAL			1.073,50	88.612,60 €	88.612,60 €

12(770).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 26/06/2020 DE APROBACIÓN DE RPT. EXPTE. 36136/220.

Dáse conta do informe-proposta do 17/09/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 26/06/2020, acordou entre outros puntos:

“PRIMEIRO.- Desestimar, en atención aos informes técnicos emitidos nos expedientes (35379-220, 35414-220, 35420-220), as alegacións formuladas nos documentos nº: 200005694, 200020026, 200020399, 200020451, 200021374, 200021375, 200021376, 200021378.

SEGUNDO.- Estimar, en base ao Informe técnico de data 31/01/2020, a solicitude e demais informes emitidos no expediente electrónico, a alegación presentada polo funcionario NP 15579, no Doc nº 200015710, modificando a proposta de acordo aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 “Modificacións puntuais RPT: Fondo de Adecuación 2019” (expte 33981-220). Así, onde dí: “Adecuación retributiva e redención dos postos codg 105 “Administrativo/a”, coa asignación do CE Codg 137 e a súa reconversión en posto Codg 379 “Administrativo/a At. Publico Ventanilla”, afectando as dotacións nº 10, 12,13,14 e 15”, debe dicir: “Adecuación retributiva e redención dos postos codg 105 “Administrativo/a”, coa asignación do CE Codg 137 e a súa reconversión en posto Codg 379 “Administrativo/a At. Publico Ventanilla”, afectando as dotacións nº 1, 3, 4, 5, 7, 8, 10, 12, 13, 14 e 15”.

TERCEIRO-- Corrixir, en base en base ao Informe técnico de data 31/01/2020, o erro na proposta de acordo aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 “Modificacións puntuais RPT: Fondo de Adecuación 2019” (expte 33981-220).

De xeito que, onde dí: “Reconfiguración do posto 106 Delineante adscrito ao servizo 332 Educación redenuinado “Encargado Oficina Técnica de Educación” codg 375, e configurándose economicamente con CD 20 e CE 8”, debería dicir: “Reconfiguración do posto 106 Delineante adscrito ao servizo 332 Educación redenuinado “Encargado Oficina Técnica de Educación” codg 375, e configurándose economicamente con CD 20 e CE 88”.

CUARTO.- Aprobar definitivamente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo, en base ao Informe técnico de data 12/11/2019, as solicitudes e demais informes emitidos no expediente electrónico, en canto aos seguintes postos:



Concello de Vigo

- *Readscripción dun posto Codg 234 Oficial xardineiro/a do servizo 215 Medio Ambiente ao que se atopa adscrito o empregado municipal NP 82151 ao Servizo 446 Montes, Parques e Xardíns.*
- *Readscripción dun posto Codg 236 "Oficial albanel" do Servizo 446 Montes, Parques e Xardíns ao servizo 215 Medio Ambiente.*
- *Reconfiguración do posto anterior Codg 236 "Oficial albanel" readscrito ao servizo 215 Medio ambiente, nun posto Codg 338 "Oficial Mantemento instalacions Municipais".*
- *Redenominación da unidade organizativa 257 "Limpeza: Recollida de residuos sólidos urbanos" en "Limpeza: Xestión de Residuos"*
- *Redenominación dun posto Codg 46 "Técnico/a de Administración Xeral" adscrito a unidade 502 "Inspección de Tributos" en "Inspector/a de Tributos/Técnico/a de Administración Xeral",*
- *Redenominación do posto Codg 340 "TMSE Padróns Fiscais IAE", adscrito a unidade 500 Dirección de Ingresos en "Técnico de Xestión Tributaria e Inspección".*
- *Redenominación do posto Posto 344 Programador /a xestor/a TICs Tributario adscrito a Dirección de Ingresos (Unidade 500) en "Xestor Tributario TICs-Programador".*
- *Redenominación do Posto Codg 6 "Director/a de Ingresos" adscrito a unidade 500 Dirección de Ingresos "Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada.".*
- *Reconfiguración do posto Codg 10 "Xefe/a do servizo de Administración de Tributos", adscrito a unidade administrativa Codg 150 en "Responsable da Contabilidade Analítica e dos custes dos servizos e actividades".*
- *Readscripción do posto anterior Responsable da Contabilidade Analítica e dos custes dos servizos e actividades" a unidade 143 Contabilidade.*
- *Reconfiguración de dous postos Codg 616 Oficial mantemento IMD en posto Codg 615 Oficial Instalacions Deportes.*
- *A modificación dos importes dos CE asignados aos postos de Inspector/a Municipal (cód. 254 Inspector/a mobilidade e seguridade, Cód. 255 Inspector/a medio ambiente, Cód. 301 Inspector/a aux. Medio ambiente, Cód. 298 Inspector auxiliar de servizos, Cód. 131 Inspector/a consumo, Cód. 151 Inspector/a auxiliar cemiterios, Cód. 142 Inspector/a sanidade, Cód. 192 inspector/a auxiliar sanidade, Cód. 298 Inspector auxiliar de servizos, Cód. 143 Inspector/a control concesionarias, Cód. 185 Inspector/a obras, servizos e infraestruturas, Cód. 181 Inspector/a auxiliar obras, serv e infraest e Cód. 143*

Inspector/a control concesionarias , Cód. 100 Inspector/a sanidade, vertidos e salubridade pública e Cód. 144 Axente Tributario segundo o indicado no cadro anterior.

- *Modificar os Cd e CE dos postos Codg 655 e 654 Mestre/a Formacion, pasando do CD 21 ao 22 e do CE 34 ao 140 e o CD dos postos 652 “Mestres de Oficios”, pasando do CD 24 ao 25*
- *Reconfiguración do posto 106 Delineante adscrito ao servizo 332 Educación redenomíndolo “Encargado Oficina Técnica de Educación” codg 375, e configurándose economicamente con CD 20 e CE 88*
- *Reconfiguración do posto Codg 118 Capataz Desinfección” en posto Codg 376 “Encargado Xeral medio ambiente, configurado economicamente como CD 20 CE 88, readscribindo o mesmo ao Servizo de Medio Ambiente.*
- *Redenomíndolo do posto Codg 84 Técnico/a Medio Laboratorio en posto “Técnico/a educación ambiental e interpretación Vigozoo, asignádolle o CD 26.*
- *Reconfiguración do posto 681 Veterinario Zoo mediante a asignación do CE 302, ao incluír a dispoñibilidade para a atención a urxencias do seu servizos ou doutros servizos municipais relacionados coas funcións do seu posto.*
- *Reconfiguración do posto 160 “Administrativo/a Alcaldía”, coa asignación do CE 149.*
- *Reconfiguración do posto 171 Xefe/a Gastos, mediante a asignación do CE 305.*
- *Reconfiguración económica dos postos adscritos ao servizo de Administración Electrónica Codg 124-Operador/a informática, coa asignación do CE 315, Posto 97-Programador de sistemas, coa asignación do CE 305, a asignación do CE 88 aos postos Codg 98-Programador informática, codg 215-Xefe/a sala proceso de datos” e Codg 344-Xestor/a tributario/a TICS –programador, así como a asignación do CE 308 ao posto codg 98-Técnico/a mantemento admón. Electrónica.*
- *A reconfiguración do posto Codg 106 mediante a asignación do CD 21.*
- *Adecuación retributiva e redenomíndolo dos postos codg 105 “Administrativo/a”, coa asignación do CE Codg 137 e a súa reconversión en posto Codg 379 “Administrativo/a At. Publico Ventanilla”, afectando as dotacións nº 1, 3, 4, 5, 7, 8, 10, 12, 13, 14 e 15.”*
- *Adecuación retributiva dos postos Codg 136-Auxiliar servizos internos, coa asignación do CE 136 e redenomíndolo en posto 381-“Auxiliar servizos internos atención publico ventanilla”, afectando dita modificación as dotacións 2 da unidade 232 e dotación 1 da unidade 234.*



Concello de Vigo

- *Reconfiguración dos postos Codg 138 "Auxiliar", adscritos as unidades organizativas 232 , dotacións 11,12,13,14,15,16 e 17, unidade 234 dotacións 19 e 20, unidade 500 dotación 1, unidade 503 dotación 2, unidade 512 dotación 4, unidade 515 dotación 7, unidade 516 dotacións 8 e 9, coa asignación do CE 136 e a súa redención en "Auxiliar atención público-ventanilla", codg 377.*
- *Reconfiguración dos postos 140 "Auxiliar Administrativo", coa asignación do CE 136 e a súa redención en "Auxiliar Administrativo", codg 378, afectando as dotacións 7 do servizo 234 Estatística , dotacións 8 e 9 da unidade 511 negociado de bens inmobles, dotación 10 do negociado 512 IAE_EUI, dotación 11 do negociado 515 imposto vehículos, dotación 12 do neg. 516 taxa lixo vivendas, dotacións 1,2,3,4 e 5 do negociado 540 Recaudación Voluntaria, dotación 6 da unidade 545 Recadación Executiva.*
- *Redención do posto 155 "Ordenanza Porteiro" en posto Cód. 380-" Ordenanza Porteiro atención público", afectando as dotación 1 e 2, reconfigurándose economicamente co CE 171.*
- *Redención do posto 174 "Xefe/a Negociado Administración Tributos" (unidade 516 taxa lixo vivendas) en posto 383 "Xefe/a negociado Administración Tributos atención público ventanilla", reconfigurando economicamente as súas retribucións coa asignación do código CE 13.*
- *Redención do posto 258 "Xefe/a negociado información" en "Xefe/a negociado información atención público", mantendo o mesmo código de posto e reconfiguración económica modificando o seu CE ao Códg 13.*
- *Reconfiguración do posto 189 "Xefe/a negociado xunta Goberno Local mediante a súa redención en "Xefatura de Oficina da Secretaria de Goberno Local" e a asignación do CE 305.*
- *Adecuación retributiva do posto Códg 73 "Técnico/a prevención de riscos laborais" mediante a asignación do CE 640.*

..."

II.- O referido acordo foi publicado no BOP de Pontevedra, nº 129 de 08/07/2020.

III.- En data 17/07/2020, a empregada municipal NP 15817, interpón recurso de reposición contra a citado acordo.

IV.- Consta informe da Técnica de Avaliación e Formación (trámite 18 do expte), que se re-produce a continuación: "No Orzamento municipal correspondente ao ano 2019 figura a aplicación orzamentaria 92001210300 destinada a realización das adecuacións retributivas excepcionais e singulares que sexa necesario acometer nos postos incluídos na RPT do Concello de Vigo.

Ante a imposibilidade orzamentaria de atender todas aquelas solicitudes de revisión que contan coa motivación suficiente para a súa implementación, foi necesario realizar unha priorización das mesmas, dacordo a dispoñibilidade económica existente.

Dita priorización realizouse no seo da mesa de negociación, a mais da obrigatoriedade de negociación coa representación sindical de ditas reconfiguracións, consonte ao establecido nos artigos 31 a 46 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do Empregado Público, sempre que os pactos e acordos adoptados se axusten a Dereito.

Polo tanto, a limitación orzamentaria impiden a revisión retributiva de todos aqueles postos nos que se detectan variacións no contido das funcións a desempeñar ao longo do exercicio orzamentario ou que así o solicitan e que contan coa motivación suficiente para elo e polo tanto, establécense os acordos políticos sindicais na priorización das mesmas.

No informe de data 31/1/2020 indicase que "A funcionaria que subscribe non lle constan os documentos identificados cos números 2 e 3, asinados en data 30/09/2019 e 09/10/2019 polo Secretario Xeral do Pleno da Corporación. Aínda que ditos documentos constan no expte 1647-110, este expediente figura no programa informático de xestión de expedientes no buzón do servizo 1101, e polo tanto non é posible a súa visualización pola funcionaria asinante.

En canto aos acordos políticos sindicais que dan lugar as propostas de modificación de postos da RPT, remítese ao recollido na Acta da mesa xeral de negociación de data 24/09/2020, polo que, de así considerarse, deberase solicitar aclaración a Secretaria da mesa sobre o acordado na reunión de dita data.

Por outra banda, en documento de data 25/09/2019, a representación sindical subscribe os acordos adoptados na mesa celebrada en data 24/09/2020.

En canto ao procedemento a través do cal se ten realizado a valoración do posto de "xefe/a de oficina da Xunta de Goberno Local, en informe asinado pola Secretaria do Goberno Local de data 22/02/2018 (expte 292-1102) anexado ao expediente 33981-220 no tramite 77, realízase o análise da variación das circunstancias e funcións a desenvolver polo posto de xefatura de Negociado Xunta de Goberno Local e a súa proposta de reconfiguración no posto Cód. 189 – Xefatura da Oficina da Secretaria do Goberno Local.

A asignación do CE Cód. 305 ven dada na realización da comparativa en canto a complexidade, adicación, capacitación e responsabilidade das funcións do postos de traballo descritas no informe citado con outros similares como o posto Cód. 91 "Xefe/a Oficina Rexistro Xeral", Cód. 171 "Xefe/a de gastos", Cód. 172 "Xefe/a oficina control presupuestario" ou Cód. 208 "Xefe/a Oficina Asesoría Xurídica Municipal, distinta a de outros postos de xefatura de negociado.

No documento técnico asinado en data 31/01/2020, non se fai valoración algunha sobre a petición efectuada, propoñendo, baseado nas limitacións orzamentarias do ano 2019, o seu análise e valoración no presente exercicio, e, no caso de proceder a adecuación, realizar esta con cargo a aplicación 920.0.121.03.00-"Fondo adecuación retributiva 2020", dotada cun importe de 50.000 euros destinada ao afrontamento de calquera revisión retributiva que resulte necesario realizar durante o ano 2020, polo contido dos postos de traballo e en aplicación do contemplado na lexislación sobre orzamentos en canto ás adecuacións retributivas excepcionais e singulares."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Lexitimación e prazo.



Concello de Vigo

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición.

No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación da recorrente posto que é titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna. foi publicado no BOP de Pontevedra, nº 129 de 08/07/2020.

II.- O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado pola recorrente, en tanto que o 08/07/2020, foi publicado no BOP de Pontevedra nº 129, o acordo agora impugnado, presentando o recurso o día 17/07/2020.

III.- Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

IV.- Alegacións.

A recorrente fundamenta o recurso interposto na conculcación do “dereito desta parte a unha boa administración e a obter, unha decisión motivada”. Ase mesmo invoca o dereito de igualdade, considerando que a decisión non é conforme a Dereito, toda vez que entende non se considera a identidade das circunstancias concorrentes e a homoxeneidade entre o posto 189 “xefe/a negociado Xunta de Goberno local” e o posto 163 “xefe/a negociado de actas (Pleno).

Nos remitimos en canto á motivación técnica, ao informado pola Técnica de avaliación e formación en data de sinatura electrónica (trámite 18 do expte): “*No Orzamento municipal correspondente ao ano 2019 figura a aplicación orzamentaria 92001210300 destinada a realización das adecuacións retributivas excepcionais e singulares que sexa necesario acometer nos postos incluídos na RPT do Concello de Vigo.*

Ante a imposibilidade orzamentaria de atender todas aquelas solicitudes de revisión que contan coa motivación suficiente para a súa implementación, foi necesario realizar unha priorización das mesmas, dacordo a dispoñibilidade económica existente.

Dita priorización realizouse no seo da mesa de negociación, a mais da obrigatoriedade de negociación coa representación sindical de ditas reconfiguracións, consonte ao establecido nos artigos 31 a 46 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do Empregado Público, sempre que os pactos e acordos adoptados se axusten a Dereito.

Polo tanto, a limitación orzamentaria impiden a revisión retributiva de todos aqueles postos nos que se detectan variacións no contido das funcións a desempeñar ao longo do exercicio orzamentario ou que así o solicitan e que contan coa motivación suficiente para elo e polo tanto, establécense os acordos políticos sindicais na priorización das mesmas.

No informe de data 31/1/2020 indicase que “A funcionaria que subscribe non lle constan os documentos identificados cos números 2 e 3, asinados en data 30/09/2019 e 09/10/2019 polo Secretario Xeral do Pleno da Corporación. Aínda que ditos documentos constan no expte 1647-110, este expediente figura no programa informático de xestión de expedientes no buzón do servizo 1101, e polo tanto non é posible a súa visualización pola funcionaria asinante.

En canto aos acordos políticos sindicais que dan lugar as propostas de modificación de postos da RPT, remítese ao recollido na Acta da mesa xeral de negociación de data 24/09/2020, polo que, de así considerarse, deberase solicitar aclaración a Secretaria da mesa sobre o acordado na reunión de dita data.

Por outra banda, en documento de data 25/09/2019, a representación sindical subscribe os acordos adoptados na mesa celebrada en data 24/09/2020.

En canto ao procedemento a través do cal se ten realizado a valoración do posto de “xefe/a de oficina da Xunta de Goberno Local, en informe asinado pola Secretaria do Goberno Local de data 22/02/2018 (expte 292-1102) anexado ao expediente 33981-220 no tramite 77, realízase o análise da variación das circunstancias e funcións a desenvolver polo posto de xefatura de Negociado Xunta de Goberno Local e a súa proposta de reconfiguración no posto Cód. 189 – Xefatura da Oficina da Secretaria do Goberno Local.

A asignación do CE Cód. 305 ven dada na realización da comparativa en canto a complexidade, adicación, capacitación e responsabilidade das funcións do postos de traballo descritas no informe citado con outros similares como o posto Cód. 91 “Xefe/a Oficina Rexistro Xeral”, Cód. 171 “Xefe/a de gastos”, Cód. 172 “Xefe/a oficina control presupuestario” ou Cód. 208 “Xefe/a Oficina Asesoría Xurídica Municipal, distinta a de outros postos de xefatura de negociado.

No documento técnico asinado en data 31/01/2020, non se fai valoración algunha sobre a petición efectuada, propoñendo, baseado nas limitacións orzamentarias do ano 2019, o seu análise e valoración no presente exercicio, e, no caso de proceder a adecuación, realizar esta con cargo a aplicación 920.0.121.03.00-“Fondo adecuación retributiva 2020”, dotada cun importe de 50.000 euros destinada ao afrontamento de calquera revisión retributiva que resulte necesario realizar durante o ano 2020, polo contido dos postos de traballo e en aplicación do contemplado na lexislación sobre orzamentos en canto ás adecuacións retributivas excepcionais e singulares.”

En canto a motivación legal, convén lembrar o artigo 74 do RD Legislativo 5/2015, do 1 de outubro, do TREBEP, que establece que “las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos.



Concello de Vigo

De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do citado Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal de acordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos. Asimesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPTs ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outro instrumento de ordenación de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión dos mesmos.

O persoal ao servizo da Administración Local goza dun réxime retributivo legalmente predeterminado nos termos do disposto na lexislación sectorial vixente, como se especifica no propio artigo 93 da xa referida Lei 7/1985, do 2 de abril, no cal se preceptúa que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus orzamentos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública; en termos similares se pronuncia o artigo 153.3 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, cando sinala que a estrutura, criterios de valoración obxectiva, no seu caso, e contías das diversas retribucións dos funcionarios da Administración Local rexeranse polo disposto no artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Tal artigo 93 sinala clara e taxativamente que “as retribucións básicas dos funcionarios locais terán a mesma estrutura e idéntica contía que as establecidas con carácter xeral para toda a función pública”(apartado 1), sinalándose de seguido que as retribucións complementarias –transitoriamente vixentes ata que se produza a entrada en vigor do réxime retributivo deseñado polo Estatuto Básico do Empregado Público atendendo ao disposto na Disposición Final Cuarta do mesmo- ateranse asimesmo á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será

fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado (apartado 2).

O anterior debe ser posto en consonancia co establecido no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, modificado por Real Decreto 158/1996, do 2 de febreiro, en cuxo artigo 1 se efectúa unha remisión ao xa referenciado artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, salientándose a continuación que os funcionarios de Administración Local só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (artigo que a propia Lei 7/2007, do 12 de abril, deroga expresamente na Disposición Derogatoria Única, apartado b) da mesma, entendendo autores encadrados na doutrina administrativista especializada como MARTÍN REBOLLO, LUIS a procedencia da aplicabilidade directa da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada exercicio económico por defecto de precepto legal específico de carácter básico, criterio que se comparte debido á súa eficacia práctica e ao seu sustento lóxico na propia Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007).

Con carácter xeral, a lexislación orzamentaria limita e acota o incremento de retribucións do persoal ao servizo do sector público, en garantía de sostibilidade e equilibrio financeiro das facendas públicas. Non obstante, indícase que as adecuacións retributivas excepcionais e singulares dos postos de traballo existentes nas Administracións Públicas atópanse expresamente contempladas na lexislación vixente, concretamente na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, en cuxo artigo 18, apartado Siete se establece que:

“Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo.”

Como referencia xurisprudencial de especial importancia pola súa aplicabilidade ao incremento de retribucións do persoal ao servizo da Administración Local en supostos de carácter singular e excepcional en relación coas relacións de postos de traballo tómasse como referencia a Sentenza do Tribunal Supremo (Salado Contencioso-Administrativo, Sección 7 a) do 19 de decembro do 2005, dictada no Recurso de Casación no 596/2000 (Ponente Ilmo. Sr. D. Pablo María Lucas Murillo Dela Cueva) e que constitúe criterio xurisprudencial consolidado e outras restantes resolucións xudiciais en idéntico senso que na mesma se citan (vid. SSTs Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 7a, de 20 de outubro (Recurso de casación 797/2001), 13 de outubro (Recurso de casación 3620/2002), 22 de setembro (Recursos de casación 5298/2001 e 3557/2001) e 15 de setembro (Recurso de casación 710/2001).

No fundamento xurídico cuarto da sentenza principal citada, o Tribunal Supremo sinala en canto ao fondo do asunto que *“..... Esta Sala ha tenido la ocasión de pronunciarse en distintas ocasiones sobre la cuestión que aquí se ha planteado: el alcance de las normas contenidas en las Leyes de Presupuestos prohibiendo o limitando los incrementos retributivos dentro del sector público. En particular, lo ha hecho recientemente en varias Sentencias de septiembre y octubre de 2005 a propósito de la impugnación de acuerdos de entes locales aprobatorios de sus relaciones de puestos de trabajo o de sus presupuestos,*



Concello de Vigo

precisamente, por entender la Administración General del Estado que habían infringido las normas de las Leyes de Presupuestos Generales del Estado que imponían tales prohibiciones o límites. Se trata de las Sentencias de esta Sala y Sección de 20 de octubre (casación 797/2001), 13 de octubre (casación 3620/2002), 22 de septiembre (casación 5298/2001 y 3557/2001) y 15 de septiembre (casación 710/2001).

En esas Sentencias se ha dicho, ante normas de contenido semejante a las que aquí se han aplicado, que las previsiones de la Ley de Presupuestos Generales del Estado no contienen límites infranqueables a los incrementos retributivos, como resulta de su propio tenor, ya que contemplan excepciones. En primer lugar, porque las prohibiciones de aumentos en las remuneraciones las establecen en términos de homogeneidad por lo que respecta a los efectivos de personal y a su antigüedad para los dos períodos de comparación, de manera que los aumentos de plantilla pueden determinar incrementos del gasto correspondiente, del mismo modo que las variaciones que se produzcan en la antigüedad del personal. Ha dicho, también la Sala que, cuando no se discute que exista esa homogeneidad, corresponde a quien recurre, el Abogado del Estado, demostrar que el acto impugnado ha incurrido en el exceso legalmente prohibido, mientras que cuando se sostiene por la corporación local que no se dan esos términos de homogeneidad y que están justificados los incrementos retributivos de que se trate, a ella toca la carga de la prueba. Asimismo, ha dicho esta Sala que la adecuación retributiva que las Leyes de Presupuestos Generales autorizan, tiene un carácter singular y excepcional que ha de ser justificado por la corporación local.”

En relación coa alegación de vulneración de principio de igualdade, parece oportuno lembrara que tanto o Tribunal Supremo como o Tribunal Constitucional fixara unhas regras mínimas para entender conculcado o principio de igualdade, podendo destacarse a STC 22/81 de 2 de xullo, que ven a establecer tres requisitos:

- 1) Aportación dun término idóneo de comparación demostrativo da identidade sustancial das situacións xurídicas que han recibiran trato diferente.
- 2) Que elo trato desigual non esté fundado en razóns obxectivas que o xustifiquen.
- 3) Que o xuízo comparativo se desenvolva nun marco de legalidade, xa que logo non cabe invocar o principio de igualdade na ilegalidade sen que poda servir para perpetuar situacións contrarias ao previsto polo ordenamento xurídico.

Dicir de entrada que no caso que nos ocupa, non existe unha perfecta equivalencia dos postos, a o que hai que engadir que no informe emitido pola técnica de avaliación e formación constan razóns obxectivas que xustifican o trato diferente.

Entendemos que o exposto fundamenta adecuadamente a desestimación do recurso interposto.

Atendendo aos fundamentos xurídicos anteriores, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar de conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, o recurso de reposición, interposto pola empregada municipal NP 15817, contra o Acordo da Xunta de Goberno local na sesión de data 26/06/2020.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á recorrente.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(771).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019. EXPTE. 36285/220.

Dáse conta do informe-proposta do 22/09/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de data 12/03/2020, e previa proposta da Área de RRHH e Formación, de data 10/03/2020, foron aprobadas as Bases Xerais e Específicas reguladoras da convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018, e 2019 (1ª Fase da Convocatoria)-Expte: 34733-220- (BOP nº 128 de 07/07/2020, DOG nº 160 de 11/08/2020, BOE nº 247 de 16/09/2020).

II.- En data 08/07/2020, o Sr. Senlle Reboreda, presenta escrito solicitando a corrección do epígrafe 5, relativo ás prazas de Policía Local, apartado IX, que establece o Baremo do concurso na quenda de mobilidade horizontal no relativo ás titulacións académicas, por non ter incluído a titulación de Técnico superior, de conformidade coa Orde de 28 de xaneiro de 2009.

III.- O 03/08/2020, O Sindicato Independente do Concello de Vigo, presenta escrito solicitando a corrección do epígrafe 5, relativo ás prazas de Policía Local, apartado VIII, 1 B; onde consta o CELGA 3, debe constar CELGA 4.

IV.- Consta informe da Xefatura de Bombeiros de data 21/09/2020, que inclúe corrección da valoración da fase de concurso de bombeiro e condutor-bombeiro:

“Eliminar de la página 45 y 59 punto VII de la Fase Concurso para Bombeiro y Conductor-bombeiro el siguiente párrafo:

Ademáis en función do empregado como militar profesional de tropa ou marinería na Unidade Militar de Emerxencias, asignarase a seguinte puntuación: 1. Cabo: 0,5 puntos; 2.



Concello de Vigo

Cabo 1º:1 punto; 3 Cabo Maior: 1,5 puntos; 4. Sarxento: 2 puntos. Modificar en las páginas 44 y 59 punto VII - Fase Concurso de Bomberos y Conductores-bomberos el siguiente párrafo: Será considerado como mérito correspondendo para cada ano completo de servizo prestado 1,6 puntos, ata un máximo de 6 puntos. Quedando: Será considerado como mérito correspondendo para cada ano completo de servizo prestado 1,6 puntos, ata un máximo de 8 puntos.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- Detectados a instancia dos interesados, os erros que constan nos apartados II e III dos antecedentes de este informe, procede a corrección dos mesmos.

. Así, no epígrafe 5, relativo ás prazas de Policía Local, apartado IX, que establece o Baremo do concurso na quenda de mobilidade horizontal; no punto 3 onde consta “Diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente: 1,50 puntos.”

Debe constar “Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.”

. No epígrafe 5, apartado VIII, 1 B “Coñecemento da lingua galega”, onde consta o CELGA 3, debe constar CELGA 4.

III.- De oficio detectáronse igualmente os erros seguintes:

. Nos epígrafes 2 correspondente a Bombeiro e 3 correspondente a Conductor /a Bombeiro, respectivamente; nos apartados VII das Fases de Concurso de ambos:

a) O parágrafo: “Será considerado como mérito correspondendo para cada ano completo de servizo prestado 1,6 puntos, ata un máximo de 6 puntos, debe modificarse por: “Será considerado como mérito correspondendo para cada ano completo de servizo prestado 1,6 puntos, ata un máximo de 8 puntos.”

b) Debe eliminarse o parágrafo: “Ademáis, en función do emprego acadado como militar profesional de tropa ou marinería na Unidade Militar de Emerxencias, asignarásese a seguinte puntuación: 1. Cabo: 0,5 puntos; 2. Cabo 1.º 1punto; 3. Cabo Maior: 1,5 puntos ; 4. Sarxento: 2 puntos.”

. No Epígrafe 3.- Conductor/a Bombeiro, no apartado III Sistema de selección, onde di “Establécese o de oposición libre, debe dicir: “Establécese o concurso-oposición libre”.

. Na Base sétima das xerais “Protección de datos”, onde consta “Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal”, debe constar “Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.”

. No Anexo I, Contido certificado médico, onde consta “OEP 2014, 2015 e 2016 do Concello de Vigo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 22/12/15, 26/01/16 e, 27/04/16, respectivamente”, debe constar “OEP 2017, 2018 e 2019 do Concello de Vigo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data (publicacións oficiais no BOP 29/12/2017, BOP do 26/11/2018 e BOP 11/09/2019 respectivamente.”

En consecuencia, e o abeiro das competencias que ostenta a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización municipal, por delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019, pola presente elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os erros detectados, -a instancia de parte e de oficio e de conformidade co informe de xefatura de bombeiros de data 21/09/2020-, na proposta da Área de RRHH e Formación, de data 10/03/2020 e consecuentemente no acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, de data 12/03/2020, Bases Xerais e Específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018, e 2019 (1ª Fase da Convocatoria) (Expte: 34733-220), debendo figurar:

. No epígrafe 5, relativo ás prazas de Policía Local, apartado IX, que establece o Baremo do concurso na quenda de mobilidade horizontal; no punto 3 onde consta “Diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente: 1,50 puntos.”

Debe constar “Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.”

. No epígrafe 5, relativo ás prazas de Policía Local, apartado VIII, 1 B “Coñecemento da lingua galega”, onde consta o CELGA 3, debe constar CELGA 4.

. Nos epígrafes 2 correspondente a Bombeiro e 3 correspondente a Conductor /a Bombeiro, respectivamente; nos apartados VII das Fases de Concurso de ambos:

a) O parágrafo: “Será considerado como mérito correspondendo para cada ano completo de servizo prestado 1,6 puntos, ata un máximo de 6 puntos, debe modificarse por: “Será considerado como mérito correspondendo para cada ano completo de servizo prestado 1,6 puntos, ata un máximo de 8 puntos.”

b) Debe eliminarse o parágrafo: “Ademáis, en función do emprego acadado como militar profesional de tropa ou marinería na Unidade Militar de Emerxencias, asignarase a seguinte puntuación: 1. Cabo: 0,5 puntos; 2. Cabo 1.º 1punto; 3. Cabo Maior: 1,5 puntos ; 4. Sarxento: 2 puntos.”

. No Epígrafe 3.- Conductor/a Bombeiro, no apartado III Sistema de selección, onde di “Establécese o de oposición libre, debe dicir: “Establécese o concurso-oposición libre”.



Concello de Vigo

. Na Base sétima das xerais “Protección de datos”, onde consta “Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal”, debe constar “Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.”

. No Anexo I, Contido certificado médico, onde consta “OEP 2014, 2015 e 2016 do Concello de Vigo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 22/12/15, 26/01/16 e, 27/04/16, respectivamente”, debe constar “OEP 2017, 2018 e 2019 do Concello de Vigo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data (publicacións oficiais no BOP 29/12/2017, BOP do 26/11/2018 e BOP 11/09/2019 respectivamente.”

Mantendo os restantes extremos do acordo indicado”.

SEGUNDO.- Acordar que as referidas rectificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, sen prexuízo da publicación do seu anuncio nos diarios e boletíns oficiais en que proceda e na páxina web municipal www.vigo.org”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(772).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: TARRÍO DE ABAIXO – CORUXO”. EXPTE. 4790/443.

Visto o informe de fiscalización do 24/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 24/09/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 02/03/2020, resolveu autorizar o gasto para a redacción de varios proxectos de renovación de firmes en vías municipais de diferentes parroquias do Concello de Vigo, entre as cales figura o proxecto de melloras dos firmes en viarios do rural: Tarrío de Abaixo (Coruxo), a prol da empresa Proyfe S.L. (B15077233).

II.- A empresa Proyfe S.L. presenta borrador do proxecto de “MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: TARRÍO DE ABAIXO - CORUXO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Antonio J. Durán Maciñeira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **DOCE MIL CATROCENTOS NOVENTA E TRES EUROS E NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (12.493,95 €)**.

III.- Á vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e Servizos, de data 09/09/2020, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto, en data 09/09/2020.

IV.- A actuación desenvólvese en Tarrío de Abaixo (Coruxo), e as obras a executar son as que se enumeran a seguir:

- Pavimentación: inclúense as seguintes unidades:
 - Rego de adherencia con varrido e preparación da superficie.
 - Subministro e posta en obra de M.B.C. tipo AC-16 SURF 50/70 D (D-12) en capa de rodadura de 5 cm de espesor medio.
 - Adaptación de pozo, arqueta, reixa o sumidoiro existente á nova rasante, incluso desmontase de elementos aproveitables, recrecido, cerco de formigón reforzado con fibras de aceiro tipo Dramix.
- Sinalización:
 - Sinalización horizontal con pintura dos compoñentes en frío.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de **DOUS (2) meses**.

V.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asis. Municipal, emite en data 21/09/2020 informe, indicando o seguinte:

“Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con



Concello de Vigo

indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



ACORDO

Aprobar o proxecto de “MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: TARRÍO DE ABAIXO - CORUXO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Antonio J. Durán Maciñeira, un orzamento base de licitación máis IVE de DOCE MIL CATROCENTOS NOVENTA E TRES EUROS E NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (12.493,95 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(773).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA SANGUIÑO – CABRAL”. EXPTE. 4789/443.

Visto o informe de fiscalización do 23/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 23/09/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 02.03.2020 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción de proxectos de renovación de firmes en vías municipais de diferentes parroquias do Concello de Vigo, a favor da empresa Proyfe S.L. (B15077233).

II.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. ANTONIO J. DURÁN MACIÑEIRA presenta borrador do proxecto “MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA SANGUIÑO (CABRAL)”, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRINTA E SETE MIL SEISCENTOS SETE EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (37.607,21 €), e data agosto de 2020, e con sinatura dixital de 10/09/2020.

III.- Á vista da entrega da documentación presentada por parte do equipo redactor do proxecto, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 09.09.2020, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación desenvólvese na Rúa Sanguiño - Cabral, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

➤ Pavimentación:

Inclúese neste capítulo as seguintes unidades:

Rego de adherencia con varrido e preparación da superficie.

Subministro e posta en obra de M.B.C. tipo AC-16 SURF 50/70 D (D-12) en capa de rodadura de 5 cm de espesor medio.

Adaptación de pozo, arqueta, reixa o sumidoiro existente á nova rasante, incluso desmontase de elementos aproveitables, recrecido, cerco de formigón reforzado con fibras de aceiro tipo Dramix.

➤ Sinalización:

Sinalización horizontal con pintura dos compoñentes en frío.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS (2) MESES.

V.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asistencia Municipal. emite en data 21.09.2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

As obras propostas no aspecto urbanístico están axeitadas as ordenanzas, trátase de efectuar unha mellora na pavimentación existente poñendo as arquetas en cota.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

O Programa Xuvenil de Lecer Alternativo de Vigo para a prevención de consumos adictivos en menores e novos, pretende ser unha actuación global que parte da idea de poder utilizar o tempo de lecer dos e as mozas como un espazo para a integración social e o desenvolvemento íntegro das persoas ás que vai dirixido.

Este programa integra varias actuacións coordinadas pola Concellaría de Mocidade, o Plan Local de Drogas, Benestar Social, Emprego, Deportes, Medio Ambiente e Cultura do Concello de Vigo, así como outras entidades relacionadas coa mocidade, que teñen unha serie de obxectivos e uns destinatarios comúns e que a través do traballo transversal trataremos de desenvolver unha serie de actuacións que consigan unha idónea estratexia de prevención .

As diferentes **actividades** serán **planificadas tendo en conta o desenvolvemento evolutivo, intereses e expectativas dos destinatarios así como a adecuación dos horarios ás características dos mesmos.**

Tamén se terá en conta a **experiencia e avaliación do programa en anos anteriores**, que facilitará a adecuación das actividades concretas ás necesidades dos/os usuarios/as e aos obxectivos do programa, así como as circunstancias da sociedade en cada momento.

Unha parte das actividades serán propostas polos mozos e mozas da cidade, ben sexa a nivel individual ou colectivo (agrupacións informais, asociacións ou colectivos xuvenís, vocalías xuvenís de asociacións veciñais, etc.).

É por iso que a programación xeral dará cabida a diversas actuacións que, á súa vez, dividiranse en bloques de actividades. Así, pois, podemos diferenciar:

Actividades de dinamización infantil en espazos municipais.

Espazos con actividades para nenos e nenas de 4 a 12 anos onde se traballan valores como: a igualdade, o respecto mutuo, o espírito crítico, o respecto ao medio ambiente, a actitudes e hábitos de conduta saudables, a tolerancia, etc.

Educación para a igualdade: traballando de forma transversal durante toda a práctica, a través de asembleas conxuntas, xogos de rol e xogos de confianza.

Educación para a saúde: tamén de ou de forma transversal durante toda a práctica, a través de hábitos de hixiene, narracións e as novas tecnoloxías.

Coidado do medio ambiente: mediante saídas dirixidas, trabállase a importancia da reciclaxe e o uso responsable da auga.

Características:

- Funcionan todo o ano, con excepción do mes de agosto, e en horario de 16:30 a 20:30 Xullo, agosto e setembro de luns a venres en período lectivo e de 8 a 15:00h en períodos vacacionais, co obxectivo de conciliar a vida laboral e familiar.
- Contan cun programa mensual de actividades específicas de carácter lúdico, con xogos dirixidos por profesionais con formación en lecer e tempo libre.

Actividades de dinamización xuvenil en espazos municipais.

Espazos de actividades e de encontro para mozos durante as tardes e noites de luns a domingo. Trátase de ofertar un espazo onde poder atoparse cos seus iguais, gozar dun lecer saudable e enriquecedor sen necesidade de realizar ningún tipo de consumo.

Características:

- Funcionarán durante todo o ano.
- Constará de actividades dirixidas a mozas de 13 a 18 anos e outras para mozos de até a 30 anos. Nalgunhas actividades específicas aumentarase o rango de idade, tanto para dar cabida a menores de 13 anos ou para maiores de 30.
- Contarán con dinamizadores/as e informadores/as xuvenís, especialistas nalgunhas actividades concretas (sobre todo en actividades formativas) e cunha persoa coordinadora de actividades.
- Actividades lúdicas, deportivas, culturais e formativas. Ademais, informarase aos e as mozas sobre diferentes alternativas de lecer e realizarase unha intervención directa e seguimento, sobre todo con aqueles mozos e mozas en situación de risco e/ou con dificultades de integración.

Talleres específicos de formación-información e monográficos.

Características:

- Realizaranse diferentes charlas, talleres, cursos e outras dinámicas informativas-formativas sobre diversas temáticas de interese xuvenil e relacionadas co consumo de sustancias tóxicas, recursos xuvenís, asociacionismo, planificación e avaliación de programas, habilidades sociais, novas tecnoloxías, emprego, saúde, medio ambiente, etc. Tamén se elaborarán unha serie de monográficos cos temas de maior interese ou máis demandados polos e as novas.
- Estas actividades levarán a cabo en diferentes espazos da cidade: centros educativos, Casa da Xuventude, Espazo Creativo VigoSónico, locais de asociacións xuvenís, espazos municipais, etc. Os monográficos estarán ademais dispoñibles na páxina web da Concellaría de Xuventude.
- Realizarase un mínimo dunha actividade formativa-informativa á semana, desde o mes de outubro ata o mes de xuño, coincidindo co período lectivo dos mozos participantes.
- Para a realización destas actividades contarase coa colaboración doutros servizos do Concello (Unidade do Plan Local de Drogodependencias Municipal, Servizo de Igualdade, Plan Saúde, etc.) e de expertos/as en cada temática en particular. Complementarase con información actualizada dos programas preventivos da Unidade de Drogodependencias Municipal.
- O público destinatario variará en función da temática da actividade: estudantes, membros de asociacións, menores en risco, adolescentes, mozos en xeral, monitores e dinamizadores xuvenís, profesionais da hostalaría, etc.

Actividades musicais nos locais de ensaio e en espazos alternativos.

- Espazos acondicionados para o ensaio de formacións musicais, onde, ademais de ensaiar e compor temas, poderase obter información



Concello de Vigo

específica (cursos, concursos, actuacións, etc.), compartir experiencias e proxectos, intercambiar instrumentos ou ideas, aprender técnicas básicas, etc.

Características:

- Realizarase sobre todo no Espazo Creativo Xuvenil VigoSónico, Tamén se realizarán actividades específicas en diferentes espazos públicos da cidade, así como nos locais de asociacións, salas de concertos e locais recreativos e en instalacións municipais.
- Os locais de ensaio estarán abertos durante todo o ano, de martes a domingo. Ademais, realizaranse concertos e outras actuacións musicais que terán lugar, sobre todo, os fins de semana ou en períodos vacacionais.
- O público destinatario serán os/as mozas con idades comprendidas entre os 13 e os 30 anos.

Actividades específicas no verán.

Características

- Actividades de lecer preventivo e alternativo en período estival
- Realizarase en instalacións municipais, espazos públicos, asociacións, pavillóns deportivos e, nas actividades que así o requiran, nas instalacións de entidades privadas.
- Realizaranse en período estival, de xuño a setembro.
- Dado o seu carácter preventivo, as actividades irán dirixidas a menores e a mozos/as, establecendo tramos de idades en función das necesidades, intereses, expectativas e desenvolvemento evolutivo.
- Estas actividades serán sobre todo lúdicas, pero con compoñentes formativos, culturais, deportivos, musicais, ambientais e, sobre todo, con hábitos saudables e de valores positivos.

Actividades en rede con colectivos e asociacións xuvenís.

Características:

- Actividades de lecer alternativo que permitan aos colectivos e entidades xuvenís traballar en rede (entre si e con outras entidades e departamentos municipais) desenvolvendo un amplo abanico de posibilidades de cara ao fomento de hábitos de vida saudables.
- Realizaranse en espazos públicos, locais das propias asociacións, instalacións municipais, centros educativos, centros comerciais e outros espazos privados destinados ao lecer.
- Realizaranse entre novembro e setembro, intensificándose os fins de semana e en períodos vacacionais.
- O público destinatario será principalmente adolescentes e xoves, aínda que haberá actividades, sobre todo algunhas desenvolvidas en espazos públicos, que irán dirixidas ao público en xeral.
- Estas actividades serán eminentemente lúdicas, pero tamén formativas, culturais, deportivas, musicais, artísticas, etc. e sempre de carácter preventivo con respecto ao consumo de drogas.

Actividades ambientais e de hábitos saudables.

Características:

- Sensibilización e implicación da poboación xuvenil con respecto da necesidade de coñecer e coidar os espazos naturais e o medio onde se habita, así como promover hábitos de vida saudables.
- Realizaranse actuacións sobre todo en espazos naturais: montes, praias, ríos, parques naturais, etc. Algunhas actividades realizaranse en espazos públicos abertos e outras en espazos municipais pechados (instalacións do zoo, Casa da Xuventude, Institutos e outros centros educativos, Espazo creativo VigoSónico, etc.)
- Realizarase un mínimo dunha actividade deste tipo á semana durante todo o ano, intensificándose sobre todo nos fins de semana e nos períodos vacacionais
- Realizaranse grupos diferentes en función da actuación específica a desenvolver (voluntariado, rutas de sendeirismo, hortas urbanas, talleres, acampadas...)

Actividades de asesoramento nutricional e hábitos saudables.

Características:

- Actividades onde se transmita a necesidade de coidar o corpo a través de hábitos saudables, a alimentación e o exercicio. Realizaranse actuacións personalizadas de asesoramento (medicións antropométricas e avaliación dos resultados, con recomendacións de hábitos nutricionais e actividades físicas adaptadas ao ritmo de vida e tempo libre de cada un/a) e outras colectivas (talleres de nutrición, charlas-coloquio sobre hábitos alimenticios e de saúde en xeral, sobre o efecto prexudicial do consumo de drogas, actividades formativas, actividades lúdicas, etc.)
- Realizaranse en diferentes espazos como a Casa da Mocidade, Espazos municipais de dinamización xuvenil, centros educativos, asociacións xuvenís e outros espazos de concentración de poboación xuvenil (prazas, eventos específicos, praias, centros comerciais...).
- Realizaranse un mínimo de dúas actividades semanais durante todo o ano.
- O público destinatario serán menores e novos.

Cada unha destas actuacións contemplará unha serie de actividades que se irán adaptando ás demandas, necesidades e intereses dos/as novas, quen poderán participar no deseño das mesmas a través de diferentes canles como as caixas de correos de suxestións colocados en cada espazo de actividades, envío de correos electrónicos á Casa da Mocidade, propostas nas asociacións participantes, pero sobre todo as propostas concretas que vaian xurdindo en cada espazo ou en cada actividade e que son froito do traballo elaborado até ese momento.

Trátase de ir traballando cos e as mozas a necesidade dun lecer creativo e enriquecedor e de que son eles/elas quen teñen que implicarse na súa programación, desenvolvemento e avaliación.



Concello de Vigo

Así pois, este programa non contén unha serie de actividades definidas e pechadas desde o principio, senón que se irán conformando a medida que se vai desenvolvendo. Isto non quere dicir que estas actividades se improvisen senón que se programarán periodicamente para cada actuación en concreto, dando cabida a novas propostas, introducindo cambios noutras, e axustándose ás novas necesidades e experiencias dos/as novas, todo iso debido ao proceso de avaliación continua ao que son sometidas

Procurarase que durante todo o ano realícense actividades para todos os perfís de mozos tendo en conta os seguintes bloques:

a) Actividades lúdicas.

- Actividades amenas e divertidas, con atractivo para ocupar o tempo de lecer e que mobilicen a un número importante dos asistentes.
- Serán definidas de antemán para que sirvan de gancho para o resto da programación.
- Serán coordinadas por persoas con experiencia en dinamización xuvenil ou no desenvolvemento da actividade. Mellor si poden ser asumidas por asociacións, aínda que non é imprescindible.
- Exemplos destas actividades: xogos de rol e estratexia, bailes, danzas do mundo, torneos de dardos, xadrez, fútbolín, PlayStation, grandes xogos, etc.

b) Actividades deportivas e xogos.

- Trátase de actividades que poidan funcionar complementaria e/ou substitutivamente das actividades lúdicas.
- Organizaranse espontaneamente (pachanga) ou por medio dunha liguiña, torneo ou cursos (cando o deporte a realizar así o precise). Na tempada estival potenciaranse as actividades físico-deportivas ao aire libre e as de auga.
- Proporanse diversos deportes colectivos (en función das instalacións), nos que se poidan incorporar criterios de entretemento, actividade física, integración de ambos os sexos, competitividade deportiva, etc. Ademais das técnicas deportivas concretas expóranse os valores positivos que achega cada modalidade. Incorporaranse varios deportes urbanos, dada a condición de Vigo como unha gran cidade e cun gran número de mozos amantes deste tipo de actividades.
- Actividades: baloncesto mixto, pachangas (liguiñas de diferentes deportes, segundo a demanda), fútbol sala, patinaxe, skate, roller, ping-pong, xogos tradicionais, sendeirismo, parkour, remo, piragüismo, vea, etc.

c) Talleres

- Actividades a realizar en paralelo ás lúdicas e ás deportivas e xogos.
- En principio unicamente haberá que establecer que talleres realízanse. Se é posible, os participantes elixirán os talleres que lles interesan e, tamén, aqueles que sen estar ofertados poderíanlles interesar. Preténdese tamén realizar grupos por afinidades que faciliten a integración e o intercambio de saberes.
- Preferiblemente a organización destes talleres correrá a cargo de asociacións e outras dependencias municipais, aínda que para algúns talleres específicos acudirase a especialistas.
- Talleres tipo: habilidades sociais para a prevención, cociña saudable, horta urbana, break-dance, maquillaxe de efectos especiais, reciclaxe, amigurumis, hama beads, personalización de diferentes obxectos, etc.

d) Acceso ás novas tecnoloxías.

- Actividades a realizar de forma paralela ás anteriores.
- Estarán coordinadas de forma que, cada día, polo menos un dos espazos acolla actividades deste tipo. Preténdese con iso facilitar o acceso ás novas tecnoloxías, sobre todo a aqueles/as novos con menos recursos.
- Nalgúns casos estas actividades serán levadas a cabo por especialistas, sobre todo si se tratan de cursos, charlas, obradoiros.
- Algunhas propostas serán: acceso a Internet, conexión wifi, cursos dalgunhas nocións básicas (Internet, ofimática, deseño de páxinas web, procura de traballo a través de Internet e redes sociais, fotografía dixital, etc.), xogos na rede, vídeo, elaboración de blogs, etc.

e) Actividades culturais

- Ofertarase un abanico de actividades alternativas de carácter cultural. A maioría destas actividades terán a opción de poder participar activamente ou como espectador/a.
- Preferiblemente a organización destas actividades correrá a cargo de asociacións, aínda que para algunha específica acudirse a especialistas.
- Estas actividades realizaranse nas sedes das entidades organizadoras, en instalacións municipais, en locais de hostalaría ou en espazos específicos (auditorio, teatro, cine,...) si a actividade así o require.
- Actividades deste tipo poden ser: cine, teatro, exposicións, monólogos, talleres literarios, concertos, cultura xaponesa, etc.

f) Espazos para quedar

- Porase a disposición dos/as mozas algúns espazos que poidan ser punto de encontro e reunión.
- As actividades a desenvolver nestes puntos serán libres, coa única limitación do espazo físico das instalacións.
- Estarán dinamizadas por un/a monitor/a-informador/a, de forma que se poida orientar aos mozos e mozas sobre as diferentes alternativas de lecer existentes ou algún outro tema de interese, así como detectar casos nos que sexa necesaria unha intervención especial. Tamén poderá dinamizar o espazo propondo algunhas actividades e propiciando a implicación dos/as mozas na organización do seu tempo de lecer.
- Algunhas suxestións de actividades nestes espazos: fútbolín, ping-pong, xogos de mesa, dardos, cómics, xogos de enxeño, playstation, etc.

g) Actividades musicais

- Ademais de locais de ensaio, ofertarase actividades alternativas de carácter musical. Contemplanse estas actividades nun bloque a parte debido á gran afección á música existente na cidade, e ao elevado número de mozos e mozas que dedican o seu tempo de lecer a este tipo de actividades.
- A organización destas actividades será levada a cabo polos/as propios/as novos coordinados/as por unha persoa que reúna os requisitos de técnica en son e dinamización xuvenil. Para algunhas das actividades (cursos, concertos, etc.) recorrerase a especialistas.



Concello de Vigo

- Estas actividades realizaranse sobre todo no Espazo Creativo Xuvenil VigoSónico, salas de concertos e outros locais de hostalaría especializados e que formen parte da rede de colaboración. Tamén se realizarán actuacións concretas noutros espazos como instalacións deportivas, locais de entidades xuvenís e/ou veciñais, espazos públicos da cidade, etc.
- Os destinatarios desta actividade serán prioritariamente os mozos entre 13 e 30 anos. Algunhas das actividades concretas, como pode ser o caso dos concertos de grupos locais en espazos abertos, serán destinadas a todos os públicos.

g) Actividades formativas-informativas e de prevención directa

- Informadores/as xuvenís e persoal do Equipo de Prevención do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións, así como do Plan Saúde do Concello actuarán en distintos espazos informando sobre temas como o consumo de drogas, sexualidade, habilidades sociais, etc. e detectando mozos en risco de consumo ou con outras problemáticas específicas. Ao mesmo tempo divulgaranse os recursos existentes na cidade e os programas dirixidos especificamente á poboación xuvenil.
- Estas actividades serán levadas a cabo por especialistas: persoal do Plan Local de Drogodependencias, informadores xuvenís, mediadores xuvenís, persoal especialista en determinados temas (igualdade de xénero, medio ambiente, saúde...), etc.
- Realizaranse en diferentes espazos como Centros educativos, Espazo Creativo Xuvenil VigoSónico, entidades xuvenís, Casa da Xuventude, espazos municipais, etc.
- Os destinatarios destas actividades serán prioritariamente os mozos entre 13 e 30 anos. Algunhas actuacións poderán realizarse con grupos de risco concreto, suxeitos drogodependentes, dinamizadores xuvenís do programa, traballadores/as do sector recreativo xuvenil ou da hostalaría, persoas que traballan ou están en contacto con mozos.

Por todo elo, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

1º.- “ A aprobación da solicitude dunha subvención de 334.045,60 € para o desenvolvemento do **Programa de prevención de consumos aditivos en menores e mozos do Concello de Vigo** dende xaneiro de 2020 ata decembro de 2021, sendo a achega municipal de 143.162,40 €, que representa o 30% do custe total do programa.

2º.- Autorizar á Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude, M^a del Carmen Lago Barreiro, a asinar a solicitude de subvención ante o Ministerio de Sanidade”

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das

disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de aprobación do proxecto de “Remodelación da contorna da rúa Baixada á Estación”.Expte. 4602/443.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

39(797).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REMODELACIÓN DA CONTORNA DA RÚA BAIXADA Á ESTACIÓN”.EXPTE. 4602/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 01/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 01/10/2020, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento., que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Co fin de dar cobertura á nova Estación Intermodal e o Centro Vialia, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda iniciou a tramitación do Proxecto Integrador da Intermodal de Vigo promovido por Adif- Alta Velocidade no marco da Lei 3/2016, por consideralo un proxecto público de urxencia ou de excepcional interese desconforme coa formulación urbanística. Dentro do trámite de información pública, o Concello de Vigo propuxo unha mellora dos accesos ao Centro Vialia e á nova Estación de autobuses. Co obxecto de integrar esta proposta de accesos no proxecto integrador, Adif presentou unha Adenda que se incorporou ao expediente.

Con data 12 de outubro de 2017, a Subdirección Xeral de Explotación da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento emitiu informe sobre o Proxecto integrado do Centro Vialia, Estación de Vigo e Terminal de autobuses no que instaba a redacción do correspondente proxecto de trazado que conteña o correspondente estudo de tráfico, en cumprimento do artigo 36.9 da Lei 37/2015, de Estradas e do apartado Quinto da Orde FOM/2873/2007.



Concello de Vigo

De conformidade cos requisitos establecidos na Lei 3/2016, o proxecto integrador foi sometido a avaliación ambiental simplificada que concluíu con Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 14 de setembro de 2017.

2º.- En data 31 de maio de 2018, asinouse Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade Pública Empresarial Adif-Alta Velocidad para a execución das obras dos accesos e nova vialidade urbana do entorno da Estación Intermodal de Vigo, co obxecto de establecer e concretar o réxime de colaboración entre as entidades asinantes para a execución e financiamento das obras relativas aos accesos viarios rodados, desde a Autoestrada AP-9 e a Rúa Lepanto á futura Estación Intermodal, e resto de vialidade colindante coa mesma.

No citado convenio, contemplase na súa cláusula segunda, unha proposta de actuacións para a Remodelación do enlace do P.K. 5+000 da Autoestrada AP-9V no que consta unha actuación en diferentes tramos (Ramal de Conexión Estación de Autobuses coa AP-9, túnel saída Rúa Lepanto a AP-9, conexión da AP-9 con Centro-Vialia así como as instalacións e balizamentos dos mesmos).

3º.- A Comisión de Seguimento do citado Convenio, constituída ao amparo da cláusula sétima do mesmo, nas sesións que se indican a continuación, adoptou distintos acordos ao fin do convenio, dos que interesa recoller aquí os que seguen:

a) Sesión de data 05.11.2018:

- O Concello de Vigo licitará conxuntamente as obras de accesos que teñen encomendadas no Convenio o propio Concello e ADIF Alta Velocidad, así como as asistencias técnicas de dirección facultativa correspondentes.

b) Sesión de data 19.06.2019:

- Acordase a redacción do proxecto e execución da obra dos espazos intersticiais entre a estación do ferrocarril, estación de autobuses e ramais de saída cara á autoestrada e de entrada ao aparcadoiro do centro comercial, asumindo o Concello de Vigo a responsabilidade da tramitación dos expedientes de contratación necesarios para a redacción do proxecto, execución das obras e servizos de dirección e asistencia a dirección de obras.

c) Sesión de data 24.07.2019:

- Analízase a situación de cada unha das actuacións que non estaban incluídas no proxecto de accesos (Praza Estación, Núcleo Intermodal e Espazos intersticiais).

- Se aceptan os alcances dos tres proxectos, establécese a forma de pago entre administracións e acórdase plasmar nunha adenda ao Convenio os acordos alcanzados

d) Sesión de data 02.09.2019:

- Por parte de cada administración iniciárase a tramitación para a aprobación da Adenda ao Convenio, unha vez consensuada a mesma.

4º.- Con data 3 de agosto de 2020 formalízase adenda modificativa ao convenio suscrito en data 31 de maio de 2018 entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a entidade pública empresarial Adif-Alta Velocidad.

En particular, na súa cláusula oitava, o Concello de Vigo comprométese a tramitar os expedientes necesarios para a redacción do proxecto, execución das obras e servizos de dirección e asistencia á dirección de obras da actuación denominada "Praza da Estación".

5º.- En atención aos compromisos adquiridos, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 19.11.2018, resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de "Remodelación da conrorna da rúa Baixada á Estación" a favor da sociedade Fraga, García-Quijada, Portolés e asociados, S.L.P.

6º.- Redactado e presentado o proxecto, o Enxeñeiro municipal de Camiños, Canles e Portos, en data 30.01.2020, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos da actuación proposta, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 31.01.2020, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

7º.- A actuación se desenrola na rúa Baixada a estación. O proxecto presentado realiza a descrición así como a valoración das obras, nas que distingue dúas fases: unha que se cingue especificamente ao vial de baixada a rotonda de acceso, e outra fase, que abarca a remodelación da praza da propia estación.

Na Fase primeira, que afecta á rúa de baixada, as obras consisten en:

- Procederáse a retirada do mobiliario existente na rúa, para a continuación a demolición de beirarrúas e retirada de bordelos existentes, e demolición dos pavimentos existentes.
- Una vez efectuada as demolicións procederáse a efectuar a escavación de gabias para a renovación das redes de abastecemento en ambos marxes a base de tubería de fundición dúctil Ø 100 m, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxea arquetas y elementos electrónico regulación. Tamén se contempla a renovación dos colectores de saneamento cos Ø de tubería de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coa redes existentes. A continuación procederáse a o recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%., para efectuar as canalización de redes soterrados de alumeadado público e semaforización, segundo os esquemas do proxecto, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na rua. Durante a fase das escavacións no proxecto prevese o correspondente control arqueolóxico.



Concello de Vigo

- Proponse no proxecto a relocalización do centro de transformación existente na actualidade, para adecuarse a nova urbanización, con o seu correspondente contenedor prefabricado enterrado novos elementos do centro de transformación, así como as correspondentes conexións e soterramento das redes existentes.
- Para que unha vez confeccionada a explanada no seu conxunto, procederáse a efectuar a pavimentación, diferenciado no tipo de pavimentación entre beirarrúas, estas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cmt., de espesor y acabado con baldosa de granito gris Alba de 6 cmt., de espesor. Diferenciado o tipo de granito nas zonas de paso de peóns. Asemade entre calzada e beirarrúa colocárase o bordo formado por pezas de granito flameado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros en esquinas e paso de peonís. Na zona de rodadura previo reposición de zona firmes nas gabias a base de Formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor efectuaráse o correspondente fresado capa de rego de adherencia e posterior mistura bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm.
- Posterior finalización a base de dotación de xardinaría, farolas de alumado público, elementos de protección, decorativo, mobiliario , semaforización y sinalización correspondente.

Na Fase segunda, que abarca economicamente a zona propia da praza, propóñense as seguintes actuacións:

- Inicialmente procederáse a retirada do mobiliario e equipamento existente, efectuaráse a correspondente protección do arboredo a conservar e o transplante das palmeiras e do arboredo frondoso existentes, e desmontaxe numerada da fachada da vivenda existente. Posterior demolición do pavimento existente na zona de obra, escavación do terreo ata alcanzar a cota sinalado no proxecto, apertura de caixa, zapatas, xardineiras e alcorques propostos, así como para o soterramento dos servizos, así como o recheo necesario compactado nas gabias de servizos propostos, e aporte de terras vexetais nas zonas axardinadas propostas.
- A continuación procederáse a formación de zapatas e gabias de cimentación de formigón armado tipo HA-30/B20/lia, para a formación de muros de contención para nova relocalización da escaleira con perfilería metálica e reposición da cantería da antiga fachada do edificio anterior, anclada o muro mediante estrutura metálica, coa correspondente carpinteira nos ocos existentes e proposta de mirador de lousa de formigón armado con pavimento flotante de madeira resistente a o exterior, no encontro coa rúa Urzaiz, e remates laterais.
- Unha vez compactado o terreo procederáse a colocación de encachado, con posterior base de pavimento de formigón en masa HM-25 de 15 cm., de espesor, posterior acabados de pavimentación segundo a utilización prevista a base pavimentos de formigón armado coloreados, granitos de 6 cm de espesor en zonas peoniles e mistura bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm, en zona de rodadura, separadas as distintas zonas a base de bordo de granito asentados sobre base de formigón.
- Acabado do conxunto da praza a base de luminarias, mobiliario urbano coa correspondente xardinería que dispón de masa vexetal e arbórea co correspondente sistema de rego automático, Pérgola a base de perfilería metálica sobre cimentación

de formigón con teito de vidro laminar, e os elementos de carteleira tanto de sinalización como informativos segundo a documentación do proxecto.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SEIS) 6 meses.

8º.- Consta no expediente administrativo de referencia informe favorable do resto de Administracións participantes no seu financiamento, de datas 4 e 5 de maio de 2020.

9º.- En data 30.07.2020 recíbese resolución favorable da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (doc. Nº 200138380), polo que atinxe á estrada da súa titularidade, autorizando a execución das obras correspondentes ao Proxecto "REMODELACIÓN DA CONTORNA DA RÚA BAIXADA Á ESTACIÓN" suxeita ao seguinte condicionado:

"CONDICIÓN PARTICULARES

1. As obras executaranse de acordo ao Proxecto presentado. En todo caso:
2. Durante a campaña de vialidad invernal (meses de novembro a marzo), os equipos de extensión de fundentes da AP-9 realizan os movementos de cambio de sentido na glorieta da estación, co cal deberán permitirse a realización dos mesmos durante as fases de obra
3. Deberá garantirse en todo momento a seguridade viaria e peonil.
4. Deberase coordinar as actuacións antes da execución das obras con AUDASA, así como obter as autorizacións que puidesen corresponder ao Ministerio de Fomento en canto á afección ao tráfico, ao obxecto de garantir o servizo da autoestrada en todo momento durante as obras, cunha mínima afección ao tráfico
5. As obras deberán quedar terminadas no prazo de DOUS (2) ANOS contado a partir da data da resolución; transcorrido este prazo sen que se solicitou prórroga xustificada, esta autorización non terá validez nin efecto. A non iniciación das obras dentro do prazo sinalado para a súa terminación será causa suficiente sen máis trámite, para caducidade da autorización con perda de todos os dereitos
6. Calquera outro tipo de obras que se precise realizar dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexan complementarias da solicitada, como pasos de cunetas, cercas, accesos, desaugadoiros, saneamentos, conducións etc., non figuradas explicitamente neste condicionado, requirirán autorización aparte, sen que esta autorización implique en ningún caso concesión de acceso nin a modificación de uso dun existente.
7. O petionario será responsable da boa conservación e limpeza permanente da obra e do terreo situado entre esta e a estrada, debendo retirar á terminación das obras todos os materiais sobrantes e entullos.
8. A autorización concedida só versa sobre materia de estradas, estando vinculada ao resto de autorizacións administrativas necesarias, tales como a concesión da licenza municipal correspondente ou visados técnicos.

CONDICIÓN XERAIS

1. A autorización outorgarase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiro e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non supoñerá en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola Administración Xeral do Estado de responsabilidade algunha respecto do titular da autorización ou de terceiros.



Concello de Vigo

2. As obras ou instalacións autorizadas iniciaranse e finalizarán dentro dos prazos que se determinen nesta autorización.
3. Non se poderán iniciar as obras sen que a Dirección de Estradas recoñecese de conformidade a súa reformulo. Para estes efectos, o interesado avisará á citada Dirección Xeral, cunha antelación mínima de dez días, da data que prevexa para dita operación. O citado Centro Directivo estenderá unha Acta de Conformidade, ou no seu caso, fará constar os reparos que entenda oportunos, concedendo o prazo necesario para a corrección. A Acta de Conformidade do reformulo implicará o permiso definitivo de iniciación das obras.
4. As obras executaranse segundo o proxecto presentado, no seu caso, e as condicións impostas na autorización, sen interromper nin dificultar a circulación da estrada. O interesado sinalizará as obras de acordo coa norma 8.3-I. C.
5. Se a Dirección Xeral de Estradas apreciase desviacións respecto do proxecto presentado, no seu caso, ou das condicións impostas na autorización, solicitará da autoridade competente a que se refire o Artigo 44. Competencia, da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas, a paralización das obras ata que se emenden aquelas, sen prexuízo de instruír o expediente sancionador que proceda.
6. O titular da autorización deberá repoñer ao seu cargo, os elementos da estrada que resulten danados pola execución das obras, restituíndoos ás condicións anteriores de seguridade, funcionalidade e aspecto.
7. A Dirección Xeral de Estradas recoñecerá a terminación das obras. Para estes efectos, o interesado avisará ao servizo competente, cunha antelación mínima de 10 días, da data que prevexa para dita operación. O citado Centro directivo estenderá unha Acta de Conformidade, ou no seu caso, fará constar os reparos que entenda oportunos, concedendo un prazo necesario para a corrección.
8. A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisíble previa notificación á Dirección Xeral de Estradas do cambio de titularidade.”

10º.- Asemade, en data 21.09.2020 recíbese resolución da Consellería de Cultura (doc. Nº 200170346) autorizando á execución das obras proxectadas, por afectar dita actuación ao edificio da antiga estación, ben incluído no catálogo do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar (PEEC) como edificio significativo ES-100 Estación (Fachada) Trasladable con nivel de protección ambiental.

11º.- Non obstante, como consecuencia dos informes emitidos en relación ao proxecto presentado polas compañías subministradoras de servizos, concesionarias de servizos urbanos e responsables da execución do Centro Vialía e da nova Estación de Autobuses, introducíronse modificacións nas instalacións dos servizos urbanos do proxecto que xeraron incrementos sobre o orzamento inicialmente previsto.

Respecto das ditas modificacións, os redactores do proxecto, con data 29 de setembro de 2020, informan que este incremento orzamentario «non modifica en absoluto o proxecto presentado a informe de Patrimonio no tratamento previsto para a reconstrución da fachada

da antiga estación de ferrocarril; tampouco o fai no referente ao concepto xeral de deseño da praza, nin aos materiais a utilizar»; que «Por todo iso, o proxecto definitivo agora presentado, cumpre coa citada resolución en todos os seus extremos» e, con data de 30 de setembro de 2020, que o proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local «tras incluír as matizacións formuladas polas compañías subministradoras, empresas concesionarias de servizos, dos responsables da execución do Centro Vialía e da estación de autobuses, cumpre coa resolución favorable da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia en todos os seus extremos».

Pola súa parte o o xefe de Urbanización e Infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data de 30 de setembro de 2020, informa que «En relación con el contenido de la resolución emitida por la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Consellería de Cultura y Turismo en fecha 21/09/2020, y del condicionado de la resolución favorable de la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, recibida en fecha 30/07/2020, (doc. Nº 200138380) sobre el “Proyecto de remodelación del entorno de la rua Bajada a la Estación” fechado en Octubre de 2019, suscribe en su totalidad los informes de 29 y 30 de Septiembre de 2020, remitido por los redactores del mismo.

De maneira que el documento que agora se somete a aprobación municipal, cumpre íntegramente con las citadas resoluciones, y responde así mismo en lo esencial de su diseño al informado favorablemente por la Comisión de Seguimiento del Convenio que da origen a esta actuación en fecha Mayo de 2020, más allá de los ajustes presupuestarios que han sido necesarios introducir»

12º.- Coa mesma data o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, no que conclúe que:

«Os costes unitarios incluídos no proxecto, consideranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son precios xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei».

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.



Concello de Vigo

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, axustase aos condicionados dos informes sectoriais preceptivos que figuran no expediente e ao deseño informado favorablemente pola Comisión de Seguimento do convenio arriba indicado, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “REMODELACION DA CONTORNA DA RÚA BAIXADA Á ESTACIÓN”, redactado polos Arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portoles Sanjuan e Fco. Javier Garcia-Quijada Romero, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECIENTOS SESENTA E SETE MIL DOUSCENTOS EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (1.967.200,02 EUROS) e data Agosto de 2020.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(798).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez